

---

---

# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

---

Número 96

V lexislatura

28 de maio de 1998

---

---

---

## SUMARIO

---

---

### **5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

#### **5.4 CONSELLO DE CONTAS**

##### **5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS**

-Informe de fiscalización sobre as eleccións 6 Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997. 3.986

## **5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **5.4 CONSELLO DE CONTAS**

#### **5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS**

*Informe de fiscalización sobre as eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997.*

Presidencia

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 25 de maio de 1998, tivo coñecemento, admitiu a trámite e dispuxo o seu traslado á Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas do Informe de fiscalización sobre as eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997, aprobado por unanimidade polo Pleno do Consello de Contas o día 20 de maio de 1998 (doc. núm. 3.631).


Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 10.1 das Normas reguladoras de relacións co Consello de Contas (BOPG núm. 400, do 28 de abril de 1993), ordéna a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia polo prazo de quince días hábiles.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 1998

José María García Leira

Presidente



**CONSELLO DE CONTAS  
DE GALICIA**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN**

**ELECCIÓN Ó PARLAMENTO DE GALICIA  
DO 19 DE OUTUBRO DE 1997**

<b>1.- Introducción</b> .....	3
1.1.- Marco legal .....	5
1.2.- Ámbito subxectivo da fiscalización .....	6
1.3.- Obxectivos da fiscalización .....	6
1.4.- Alcance e limitacións da fiscalización .....	6
1.5.- Resultados electorais .....	8
1.6.- Tipos de subvencións e límite máximo da subvención total .....	9
1.6.1.- Adiantos ou anticipos das subvencións .....	11
1.6.2.- Subvencións públicas pendentes de percibir e a reintegrar.....	11
1.7.- Límite máximo de gastos.....	11
1.8.- Actuacións complementarias do Consello de Contas .....	12
1.9.- Actuacións das Xuntas Electorais .....	13
1.10.- Conclusións e recomendacións .....	14
<b>2.- Regularidade das contabilidades electorais</b> .....	14
<b>2.1.- Partido Popular</b> .....	15
2.1.1.- Información económico-financeira .....	15
2.1.2.- Recursos financeiros .....	15
2.1.3.- Gastos electorais .....	15
2.1.4.- Límite máximo de gastos .....	17
2.1.5.- Información das entidades financeiras .....	17
2.1.6.- Relación cos provedores e acredores .....	17
2.1.7.- Tesourería da campaña .....	18
2.1.8.- Límite máximo da subvención .....	18
2.1.9.- Proposta .....	19
2.1.10.- Conclusións .....	19
2.1.11.- Opinión .....	19
2.1.12.- Alegacións .....	20
Anexo.- Alegacións presentadas polo Partido Popular.	
<b>2.2.- Bloque Nacionalista Galego</b> .....	21
2.2.1.- Información económico-financeira .....	21
2.2.2.- Recursos financeiros .....	21

2.2.3.- Gastos electorais .....	22
2.2.4.- Límite máximo de gastos .....	22
2.2.5.- Información das entidades financeiras .....	23
2.2.6.- Relación cos provedores e acredores .....	23
2.2.7.- Tesourería da campaña .....	23
2.2.8.- Límite máximo da subvención .....	24
2.2.9.- Proposta .....	24
2.2.10.- Conclusións .....	24
2.2.11.- Opinión .....	24
2.1.12.- Alegacións .....	25
<b>2.3.- Coalición electoral PS de G-PSOE/EU-EG/Os Verdes .....</b>	<b>27</b>
2.3.1.- Información económico-financiera .....	27
2.3.2.- Recursos financeiros .....	27
2.3.3.- Gastos electorais .....	28
2.3.4.- Límite máximo de gastos .....	30
2.3.5.- Información das entidades financeiras .....	31
2.3.6.- Relación cos provedores e acredores .....	31
2.3.7.- Tesourería da campaña .....	32
2.3.8.- Límite máximo da subvención .....	32
2.3.9.- Proposta .....	33
2.3.10.- Conclusións .....	33
2.2.11.- Opinión .....	33
2.1.12.- Alegacións .....	33
Anexo.- Alegacións presentadas pola Coalición electoral PS de G-PSOE/EU-EG/Os Verdes.	
<b>3.- Recomendacións .....</b>	<b>35</b>

**Anexo I : Resumo de gastos e subvencións.**

**Anexo II: Informes da Xunta Electoral de Galicia sobre poboación de dereito e fiscalización.**

# 1.- INTRODUCCIÓN.

## 1.1.- MARCO LEGAL.

A Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia (LEPG), atribúe ó Consello de Contas de Galicia as facultades que a lexislación electoral xeral outorga ó Tribunal de Contas, en relación coas contabilidades de ingresos e gastos dos procesos electorais.

Así mesmo, a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (LOREX), nos termos que establece a súa Disposición Adicional 1ª, é de aplicación ás eleccións ás Asambleas das Comunidades Autónomas, e ten carácter supletorio da lexislación autonómica na materia (artigo 1º, apartado 2º).

O artigo 47 da LEPG establece que o Consello de Contas pronunciarse sobre a regularidade das contabilidades electorais. No suposto de que apreciase irregularidades ou violación dos límites establecidos na materia de ingresos e gastos electorais, poderá propoñer a non adxudicación ou a redución da subvención a obter da Comunidade Autónoma para o partido, federación ou agrupación implicada.

Se advertise, ademais, indicios de conductas constitutivas de delito, comunicaráo ó Ministerio Fiscal (artigo 47, apartado 3º da Lei 8/1985).

O mesmo artigo 47, no seu apartado 4º sinala que o Consello de Contas remitirá ó Parlamento e á Xunta de Galicia os resultados da fiscalización mediante informe razoado, comprensivo da declaración dos gastos regulares xustificadas por cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Na realización da fiscalización das eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 19 de outubro de 1997, tivéronse en conta as seguintes disposicións legais:

- Lei Orgánica 17/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

- Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro (LEPG), (DOG nº1, luns, 4 de xaneiro de 1993).

- Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, de 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo; 6/1992, de 2 de novembro; 13/1994, do 30 de marzo; 3/1995, do 23 de marzo; 10/1995, de 23 de novembro e 1/1997, do 30 de maio.(LOREX).

- Lei Orgánica 3/1987, de 2 de xullo, de Financiamento dos Partidos Políticos.

- Lei 54/1978, de 4 de decembro, de Partidos Políticos.

- Real Decreto 421/1991, do 5 de abril, de normas reguladoras dos procesos electorais, modificado polo Real Decreto 563/1993.

- Real Decreto 1907/1995, do 24 de novembro, de regulación da tramitación das subvencións estatais anuais e por gastos electorais ás formacións políticas.

- Lei 2/1997, do 29 de maio, de concesión dun crédito extraordinario para atender os gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia (DOG nº 113, venres, 13 de xuño de 1997).

- Decreto 225/1997, do 25 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións (DOG nº 163, martes, 26 de agosto de 1997).

- Decreto 226/1997, do 25 de agosto, polo que se establecen normas sobre urnas, cabinas, papeletas, sobres e documentación que se utilizará nas eleccións ó Parlamento de Galicia (DOG nº 163, martes, 26 de agosto de 1997).

- Resolución do 27 de agosto de 1997, pola que se fan públicos os membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia (DOG nº 167, luns, 1 de setembro de 1997).

- Orde da Consellería de Economía e Facenda de 29 de agosto de 1997, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións ós gastos orixinados por actividades electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997 (DOG nº 167, luns, 1 de setembro de 1997).

- Resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 16 de setembro de 1997,

pola que se fan públicas as candidaturas presentadas nas Xuntas Electorais Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997 (DOG nº 179, mércores, 17 de setembro de 1997).

- Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 17 de setembro de 1997, pola que se aproban os modelos de actas a utilizar polas xuntas e as mesas electorais nas eleccións ó Parlamento de Galicia convocadas polo Decreto do Presidente da Xunta de Galicia 225/1997, do 25 de agosto (DOG nº 197, luns, 13 de outubro de 1997).

- Resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 22 de setembro de 1997, pola que se fan públicas as candidaturas proclamadas polas Xuntas Electorais Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997 (DOG nº 183, martes, 23 de setembro de 1997).

- Resolución da Xunta Electoral de Galicia de 5 de novembro de 1997, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 19 de outubro de 1997 (DOG nº 218, martes, 11 de novembro de 1997).

## 12.- ÁMBITO SUBXECTIVO DA FISCALIZACIÓN.

Para delimita-las formacións políticas que deben presenta-las súas contas neste Consello de Contas, o artigo 46.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia circunscribe a aqueles que alcanzaron os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia ou que solicitaran adiantos con cargo ós mesmos, establecendo o citado artigo que presentarán ante o Consello de Contas unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais.

Os partidos e coalicións que reúnen estes requisitos son os seguintes.

- Partido Popular de Galicia.
- Bloque Nacionalista Galego.

- Coalición electoral Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Esquerda Unida-Esquerda Galega e Os Verdes de Galicia.

Todas estas formacións políticas cumpriron co mandato legal presentando a súa contabilidade electoral dentro do período establecido polo artigo 46.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto.

## 1.3.- OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN.

O artigo 47.2 require o pronunciamento do Consello de Contas sobre a regularidade das contabilidades electorais, o cal se deberá facer dentro dos sete meses seguintes ás eleccións. Para cumprir con este mandato o Pleno do Consello de Contas aprobou, para a fiscalización, os seguintes obxectivos:

- 1.- Cumprimento da legalidade, tanto da estritamente electoral como da normativa de xeral aplicación.
- 2.- Representatividade da contabilidade electoral rendida.
- 3.- Grao de xustificación documental dos rexistros contables.

## 1.4.- ALCANCE E LIMITACIÓNS DA FISCALIZACIÓN.

A fiscalización tivo como obxecto examina-la regularidade das contabilidades electorais das eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 19 de outubro de 1997, rendidas polas formacións políticas, que se deduce da análise do grao de cumprimento dos principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade e das disposicións específicas da lexislación electoral, e con especial referencia ós recursos, gastos e tesourería da campaña.

As verificacións da contabilidade electoral realizáronse sobre os orixinais da documentación contable e xustificativa que presentaron as formacións políticas ante o Consello de Contas de Galicia.

A análise dos recursos da campaña comprendeu o endebedamento con entidades financeiras, as aportacións das formacións políticas á súa propia campaña, os recursos públicos aplicados á mesma (anticipos), as aportacións privadas e outros

ingresos, e ademais o cumprimento dos artigos 126, 128 e 129 da LOREX.

No exame dos gastos electorais diferenciamos-los gastos de envíos directos e persoais de carácter electoral (mailing) e o resto de gastos electorais que, para facilita-la diferenciación de aqueles, fundamentalmente en orde á aplicación, se é o caso, do previsto no artigo 44 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia (LEPG), denominaremos "gastos por operacións ordinarias" e cumprimento dos artigos 127.1, 130, 131, 133.4 e 134.3 da LOREX.

Realizamo-las comprobacións correspondentes ás operacións de tesourería, e ó cumprimento da obriga de remisión de información das entidades financeiras e empresas que facturaran a algunha formación política por importe superior ó millón de pesetas por gastos electorais e cumprimento dos artigos 124 e 125 da LOREX, e 43 da LEPG.

A análise do cumprimento dos principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade consistiu en verifica-la adecuación dos rexistros contables á natureza económica de cada operación e a exactitude das contías anotadas mediante a comprobación da documentación xustificativa.

Temos que facer unha referencia ó calculo dos intereses estimados das operacións de endebedamento, para o cal optouse por segui-lo criterio establecido polo Tribunal de Contas do Estado. Así consideramos como periodo de devengo o comprendido ata os 30 días posteriores á rendición da contabilidade ante o Consello de Contas, segundo o artigo 133.4 da LOREX. Ademais, polos saldos non cubertos cos adiantos de subvencións tamén se aceptan os intereses correspondentes ó periodo que complete un ano.

No desenvolvemento destas funcións, a fiscalización realizouse, en especial, sobre os seguintes puntos, derivados das prescricións legais:

1º.- O cumprimento do límite máximo das aportacións fixado no artigo 129 da LOREX (un millón de pesetas por persoa e partido), verificando que naquelas figuran os datos de identificación esixidos no artigo 126 ás persoas físicas ou xurídicas que contribúan a financia-la campaña electoral.

2º.- A orixe dos recursos que os partidos destinan a gastos de campaña (artigo 126 da LOREX).

3º.- A prohibición de aportar fondos imposta ás Administracións Públicas, Organismos Autónomos, Entidades Paraestatais, Empresas do Sector Público ou con contrato en vigor con algunha Administración Pública, así como ás entidades ou persoas estranxeiras (artigo 128 da LOREX).

4º.- A contracción dos gastos desde a data de convocatoria de eleccións (DOG do 26 de agosto de 1997) ata a da proclamación de electos (DOG do 11 de novembro de 1997), en función do sinalado no artigo 130 da Lei Orgánica 5/1985, modificada pola Lei Orgánica 8/1991, así como a natureza daqueles e a súa concordancia coa clasificación establecida en dito precepto.

5º.- A xustificación dos gastos realizados no período sinalado anteriormente mediante documentos que cumpran os requisitos fixados polas normas e principios contables, mercantís e fiscais.

6º.- A disposición de fondos das contas correntes de campaña dentro do prazo do artigo 125 da LOREX, que no actual proceso finalizou o 19 de xaneiro de 1998.

7º.- A non realización polas formacións políticas de gastos superiores ás cifras que se deducen da Orde do 29 de agosto de 1997 pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997, o cal se expón no presente informe con concreción e detalle.

8º.- O cumprimento da obriga que impón o artigo 133 da LOREX ás entidades financeiras que concederan créditos ás forzas concorrentes, e ás empresas que facturaran por importes superiores ó millón de pesetas, de comunicar tales prestacións ó Consello de Contas.

9º.- Que a contabilidade dos partidos, federacións ou coalicións se axuste, en todo caso, ós principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade (artigo 121-2º da LOREX).



**1.5.- RESULTADOS ELECTORAIS.**

No artigo 3º do Decreto 225/1997, de 25 de agosto, sinálase que en aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, o número de Deputados a elixir é de 75, distribuídos nas circunscricións de A Coruña (24), Lugo (15), Ourense (14) e Pontevedra (22).

Por Resolución da Xunta Electoral de Galicia de 5 de novembro de 1997 (DOG nº 218, do 11 de novembro de 1997) publícanse os resultados das candidaturas concorrentes, o número de escaños e votos de cada unha das formacións que obtiveron representación parlamentaria e o número de electores, tendo o seguinte desglose:

**RESULTADOS XERAIS**

- Número de electores censado	2.565.369
- Número de votantes	1.603.731
- Número de votos válidos	1.595.667
- Número de votos a candidaturas	1.574.730
- Número de votos en branco	20.937
- Número de votos nulos	8.064
- Partido Popular	832.751
- Bloque Nacionalista Galego	395.435
- Coal. Electoral P.S.de G.-PSOE/ EU-EG/ Os Verdes	310.508
- Izquierda Unida	13.964
- Democracia Galega	11.538
- Partido Humanista	2.543
- Frente Popular Galega	3.395
- Partido de los Autónomos y Profesionales	2.136
- A Movida	939
- Partido Social y Democrático de Derecho	1.129
- Falange Gallega de las JONS	392

**RESULTADOS POR CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAIS**

Provincia	Votos	Escaños
<b>A Coruña</b>		
Partido Popular	316.003	13
Bloque Nacionalista Galego	166.556	6
C. Elec. P.S.de G.-PSOE/ EU-EG/ Os Verdes	127.587	5
Izquierda Unida	5.608	--
Democracia Galega	4.771	--
Partido Humanista	927	--
Frente Popular Galega	1.300	--
Partido de los Autónomos y Profesionales	2.136	--
A Movida	939	--
<b>Totals A Coruña</b>	<b>625.827</b>	<b>24</b>
<b>Lugo</b>		
Partido Popular	131.270	9
Bloque Nacionalista Galego	44.992	3
C. Elec. P.S.de G.-PSOE/ EU-EG/ Os Verdes	43.082	3
Izquierda Unida	1.959	--
Democracia Galega	2.843	--
Partido Humanista	345	--
Frente Popular Galega	441	--
<b>Totals Lugo</b>	<b>224.932</b>	<b>15</b>
<b>Ourense</b>		
Partido Popular	123.697	8
Bloque Nacionalista Galego	46.502	3
C. Elec. P.S.de G.-PSOE/ EU-EG/ Os Verdes	42.757	3
Izquierda Unida	1.251	--
Democracia Galega	1.325	--
Partido Humanista	301	--
Frente Popular Galega	418	--
<b>Totals Ourense</b>	<b>216.251</b>	<b>14</b>
<b>Pontevedra</b>		
Partido Popular	261.781	12
Bloque Nacionalista Galego	137.385	6
C. Elec. P.S.de G.-PSOE/ EU-EG/ Os Verdes	97.082	4
Izquierda Unida	5.146	--
Democracia Galega	2.599	--
Partido Humanista	970	--
Frente Popular Galega	1.236	--
Partido Social y Democrático de Derecho	1.129	--
Falange Gallega de las JONS	392	--
<b>Totals Pontevedra</b>	<b>507.720</b>	<b>22</b>

Da acumulación dos datos anteriores obtéñense os seguintes resultados globais computables a efectos da percepción de subvencións públicas, segundo os criterios do artigo 10 da LEPG.

Partido, Federación, Coalición ou Agrupación	Escaños	Votos
Partido Popular	42	832.751
Bloque Nacionalista Galego	18	395.435
P.S.de G.-PSOE/ EU-EG/ Os Verdes	15	310.508
<b>TOTAIS</b>	<b>75</b>	<b>1.538.694</b>

O número de electores censados é 2.565.369.

**1.6.- TIPOS DE SUBVENCIONS E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN.**

O apartado 1º do artigo 44 da LEPG dispón que a Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo cos seguintes baremos:

- a) Subvención por cada escano obtido.
- b) Subvención por voto conseguido por cada candidatura que obteña escano.

Este artigo determina no apartado número 4 que:

"4.- As cantidades mencionadas nos apartados anteriores refírense a pesetas constantes. A Consellería de Economía e Facenda fixará as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes á convocatoria de eleccións."

Esta actualización levouse a cabo pola Orde da Consellería de Economía e Facenda de 29 de agosto de 1997, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de outubro de 1997 (DOG nº 167, luns, 1 de setembro de 1997), establecendo o seguinte:

"Artigo único.- As cantidades ás que se refire o artigo 44 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, unha vez actualizadas, serán as seguintes:

1. Subvención de 2.304.000 de pesetas por cada escano obtido no Parlamento de Galicia.
2. Subvención de 86 pesetas por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura, se un, polo menos, dos membros dela obtivo escano de deputado.
3. Ademais das subvencións ás que se refiren os apartados anteriores, a Comunidade Autónoma subvencionará os partidos, federacións, coalicións e agrupación de electores, polos gastos ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral, a razón de 23 pesetas por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.

4. O límite dos gastos electorais nas eleccións ó Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por 69 pesetas o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Non se incluírán dentro dos límites dos gastos electorais as cantidades subvencionadas de acordo co disposto no apartado 3 anterior."

O artigo 15 do Real Decreto 421/91, do 5 de abril, de normas reguladoras dos procesos electorais, establece en canto ós límites dos gastos electorais, que para a aplicación da fórmula regulada nas disposicións especiais da LOREX que permite determina-lo límite dos gastos electorais que poden realiza-los partidos, federacións, coalicións ou agrupacións en cada tipo de elección, teranse en conta as cifras de poboación de dereito resultantes da última renovación ou rectificación do Padrón Municipal de Habitantes, oficialmente aprobada.

A resolución do 27 de decembro de 1995, (BOE nº 311, do 29 de decembro de 1995), do Instituto Nacional de Estatística publica o resumo das cifras de poboación resultantes da rectificación padronal ó 1 de xaneiro de 1995. De acordo con esta Resolución o límite de gastos electorais é o seguinte:

PROVINCIA	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE GASTOS ELECTORAIS
A Coruña	1.136.283	78.403.527
Lugo	386.405	26.661.945
Ourense	364.521	25.151.949
Pontevedra	937.811	64.708.959
<b>TOTAL</b>	<b>2.825.020</b>	<b>194.926.380</b>

De acordo co Real Decreto 1645/1997, do 31 de outubro, (BOE nº 262, sábado, 1 de novembro de 1997), polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da renovación do Padrón Municipal referidas ó 1 de maio de 1996, os citados límites fíxanse nas contías seguintes:

PROVINCIA	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE GASTOS ELECTORAIS
A Coruña	1.110.302	76.610.838
Lugo	370.303	25.550.907
Ourense	346.913	23.936.997
Pontevedra	915.104	63.142.176
<b>TOTAL</b>	<b>2.742.622</b>	<b>189.240.918</b>

Hai que facer constar que os datos do RD 1645/97, aínda que se refiren á poboación do 1 de maio de 1996, fixéronse oficiais coa súa publicación no BOE o 1 de novembro de 1997, data posterior á da celebración das eleccións. De todas formas expoñemos os dous datos padronais, porque unhas formacións políticas se referiron, nas súas contas, á rectificación padronal publicada o 29 de decembro de 1995 e outras á renovación publicada o 1 de novembro de 1997.

O Consello de Contas aplicou para determinalo límite dos gastos electorais a resolución publicada no BOE nº 311, do 29 de decembro de 1995, unha vez visto o acordo tomado pola Xunta Electoral de Galicia, na súa reunión do 15 de abril de 1998, a raíz da consulta feita por este Consello de Contas de Galicia sobre a cifra oficial da poboación galega por provincias para a fixación do devandito límite.

O límite máximo de gastos, sen ter en conta os gastos correspondentes do envío a electores de sobres e papeletas electorais, publicidade e propaganda, da Comunidade Autónoma no seu conxunto, é aplicable a tódalas formacións políticas analizadas, ó concorrer ós comicios nas catro circunscricións.

A aplicación destas cifras ós resultados sinalados orixina a seguinte distribución das subvencións públicas:

**Subvencións suxeitas ó límite .-(Escanos e Votos)**

PARTIDO, FEDERAC. COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	IMPORTE POR ESCANOS	IMPORTE POR VOTOS	IMPORTE TOTAL
Partido Popular	96.768.000	71.616.586	168.384.586
Bloque Nacionalista Galego	41.472.000	34.007.410	75.479.410
C. Elec. P.S.de G.-PSOE/ EU-EG/ Os Verdes	34.560.000	26.703.688	61.263.688
<b>TOTAL</b>	<b>172.800.000</b>	<b>132.327.684</b>	<b>305.127.684</b>

As subvencións suxeitas ó límite son inferiores, para cada partido político, ó límite dos gastos electorais no conxunto da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en aplicación do artigo 127 da Lei 5/1985, en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá sobrepassa-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora, (de acordo coa disposición adicional primeira, apartado 1 da citada Lei, en vez de Tribunal de Cuentas debe lersse Consello de Contas).

**Subvención non suxeita a límite (Envíos electorais-Mailing).**

Nº Electores- 2.565.369  
23 ptas. por Elector

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	IMPORTE POR ELECTORES
Partido Popular	59.003.487
Bloque Nacionalista Galego	59.003.487
C. Elec. P.S.de G.-PSOE/ EU-EG/ Os Verdes	59.003.487
<b>TOTAL</b>	<b>177.010.461</b>

**Límite máximo da subvención.**

O límite máximo da subvención obtense pola suma da subvención suxeita ó límite (escanos e votos) e a subvención non suxeita ó límite (Mailing).

PARTIDO, FEDERAC. COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	SUBVENCIÓN SUXEITA Ó LÍMITE (a)	SUBVENCIÓN NON SUXEITA Ó LÍMITE (b)	LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN (a)+(b)
Partido Popular	168.384.586	59.003.487	227.388.073
Bloque Nalista. Galego	75.479.410	59.003.487	134.482.897
C. Elec. PS de G.-PSOE EU-EG/ Os Verdes	61.263.688	59.003.487	120.267.175
<b>TOTAL</b>	<b>305.127.684</b>	<b>177.010.461</b>	<b>482.138.145</b>

Este límite máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto como gasto regular, de conformidade co establecido no artigo 127 da LOREX, xa que en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá sobrepassa-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora, (de acordo coa disposición adicional primeira, apartado 1 da citada Lei, en vez de Tribunal de Cuentas debe lersse Consello de Contas).

**1.6.1.- Adiantos ou anticipos das subvencións.**

O artigo 45.1 da LEPG establece que "A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións mencionadas ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións que obtiveran representantes nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia, de ata un 30% da subvención percibida naquelas".

En aplicación do artigo 3º da Lei 2/1997, de 29 de maio, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia, concedéronse os seguintes anticipos de subvencións:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	1º ANTICIPO DA SUBVENCIÓN
Partido Popular	56.745.392
Bloque Nacionalista Galego	27.616.756
C. Elec. PSG-PSOE/EU-EG/Os Verdes	32.962.712
<b>TOTAL</b>	<b>117.324.860</b>

Estas cifras coinciden, en cada un dos casos, co límite do 30% que sinala o mencionado artigo 45, calculado sobre as subvencións outorgadas nas eleccións do 17 de outubro de 1993.

Ademais, a Xunta de Galicia abonou, ós partidos políticos ou coalicións electorais que o solicitaron, o segundo anticipo regulado no artigo 133.4 da LOREX, que establece o dereito a recibir en concepto de adianto o 90% do importe das subvencións que lles corresponda de acordo cos resultados electorais, descontado o anterior anticipo do 30%.

Dispón este artigo que para poder recibi-lo anticipo os partidos, coalicións e federacións deberán presentar aval bancario polo 10% da subvención percibida.

Os adiantos concedidos pola Xunta de Galicia na data de peche deste informe (27 de abril de 1998) foron:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	2º ANTICIPO DA SUBVENCIÓN
Partido Popular	147.903.874
Bloque Nacionalista Galego	93.417.851
C. Elec. PSG-PSOE/EU-EG/Os Verdes	.....
<b>TOTAL</b>	<b>241.321.725</b>

Os importes concedidos en concepto de 2º anticipo foron facilitados a este Consello de Contas mediante escrito número 1073 do 21 de abril de 1998 e 1082 do 24 de abril, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, con toda a documentación solicitada polo Consello de Contas (documentos ADOK, ordes de transferencias bancarias e avais bancarios).

Na data de peche deste informe, a Coalición electoral PSdeG/PSOE/EU-EG/Os Verdes, non depositara ante a Xunta de Galicia o aval correspondente para poder recibi-lo segundo anticipo.

**1.6.2.- Subvencións públicas pendentes de percibir.**

Ó minorarse o límite da subvención derivado das previsións do artigo 44 da Lei 8/1985, modificado pola Lei 15/1992, sinalado anteriormente, cos anticipos ou adiantos xa percibidos por cada formación política, a contía máxima pendente de liquidar é a seguinte:

PARTIDO, FEDERAC. COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	LÍMITE MÁXIMO DE SUBVENCIÓN	ANTICIPOS SUBVENCIÓN 1º + 2º	RESTO SUBVENCIÓN MÁXIMA A PERCIBIR
Partido Popular	227.388.073	204.649.266	22.738.807
Bloque Nalista. Galego	134.482.897	121.034.607	13.448.290
C. Elec. PSG-PSOE/EU-EG/Os Verdes	120.267.175	32.962.712	87.304.463
<b>TOTAL</b>	<b>482.138.145</b>	<b>358.646.585</b>	<b>123.491.560</b>

O importe máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto, de conformidade co establecido no artigo 127 da LOREX, como xa foi indicado no apartado 1.4 deste informe.

Na liquidación destas contías teranse en conta, no seu caso, as modificacións derivadas das propostas incluídas no presente informe, tendentes á non adxudicación ou redución da subvención pública correspondente de acordo co establecido no artigo 47.3 da LEPG.

**1.7.- LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS.**

O artigo 44.5 da LEPG establece que: "ningún partido, federación, coalición ou agrupación poderá

realizar gastos electorais que superen os límites establecidos no apartado 3 deste artigo".

De acordo con este apartado 3 van coexistir dous tipos de subvencións, unha suxeita ó límite de gastos, formada polos importes correspondentes a votos e escanos e outra subvención non suxeita a límite de gastos, pero que está limitada polo número de electores.

A coexistencia destes tipos de subvencións, obrigou ó Consello de Contas a desglosa-los gastos correspondentes ó envío a electores de sobres e papeletas, publicidade e propaganda, dos gastos ordinarios da campaña electoral, co fin de poder analizar separadamente os gastos que estaban suxeitos a límite, daqueles outros que non tiñan límite explícito.

O límite máximo de gastos das eleccións de 1993 (60 ptas. por habitante da circunscrición), foi establecido por Orde da Consellería de Economía e Facenda de 25 de agosto de 1993 (DOG nº. 164, xoves, 26 de agosto de 1993) no seu artigo único, apartado 2.3.

O límite máximo de gastos das eleccións do 19 de outubro de 1997 (69 ptas. por habitante da circunscrición), foi publicado no DOG nº 167, de 1 de setembro de 1997, citado no apartado 1.6 deste informe.

CIRCUNSCRICIÓN	1997		1993	
	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE DE GASTOS	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE DE GASTOS
A Coruña	1.136.283	78.403.527	1.096.966	65.817.960
Lugo	386.405	26.661.945	384.365	23.061.900
Ourense	364.521	25.151.949	353.491	21.209.460
Pontevedra	937.811	64.708.959	896.847	53.810.820
<b>TOTAL</b>	<b>2.825.020</b>	<b>194.926.380</b>	<b>2.731.669</b>	<b>163.900.140</b>

O límite de gastos de 1997 aumentou respecto ó de 1993 en 31 millóns de pesetas debido ó aumento da poboación de dereito e ó aumento das pesetas por habitante (69 ptas. frente a 60 ptas.).

A este límite de gastos de 1997 habería que sumarlle a subvención por electores que non está suxeita a límite de gastos, co que resultaría un volume máximo de gastos para cada partido, coalición ou agrupación de electores en 1997 de 253.929.867 ptas., de acordo co seguinte detalle.

Límite de gastos 1997.....	194.926.380
Subvención Electores (Tope máximo)....	59.003.487
<b>Total.....</b>	<b>253.929.867</b>

Outros límites sobre os que se verificou o seu cumprimento foron:

O límite regulado polo artigo 55.3 da LOREX, segundo o cal o gasto das candidaturas en determinados conceptos de publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite máximo de gastos, ascendendo a 48.731.595 ptas. (25% x 194.926.380).

De conformidade coa consulta efectuada por este Consello de Contas á súa Asesoría Xurídica, o límite establecido polo artigo 55.3 da LOREX é aplicable ás eleccións ó Parlamento de Galicia en virtude do disposto na disposición adicional primeira, apartado 3 da LOREX e no artigo 25.4 da LEPG.

Outro límite a ter en conta é o establecido polo artigo 58 da LOREX, relativo ós gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas, nos que as formacións políticas non poden supera-lo 20% do límite máximo de gastos, ascendendo a 38.985.276 ptas. (20% x 194.926.380).

### 1.8.- ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS DO CONSELLO DE CONTAS.

As verificacións do Consello de Contas alcanzaron á totalidade dos documentos incluídos nas contas, ós rexistros contables e antecedentes presentados, así como a cantos foron requiridos; comprobacións ineludibles para formula-la declaración do importe exacto dos gastos regulares xustificadas á que fai referencia o artigo 134 da Lei Orgánica 5/1985.

Para completar e contrasta-los resultados das comprobacións sinaladas anteriormente, practicáronse as seguintes actuacións:

1º).- Requirimento á Xunta Electoral de Galicia e ás Xuntas Electorais Provinciais do Informe contemplado no artigo 132.5 da Lei Orgánica 5/1985, comprensivo dos resultados da súa actividade fiscalizadora.

2º).- Solicitud a Consellería de Presidencia e Administración Pública e á Consellería de Economía e Facenda da información sobre adiantos de

subvencións públicas.

3°).- Circularización a tódalas empresas que facturaron por importe superior a cen mil pesetas, verificando que cumpriron co requisito sinalado polo artigo 133.5 da LOREX de comunicar ó Consello de Contas as facturacións superiores ó millón de pesetas. Fíxose como data tope para a recepción da documentación o día 20 de abril de 1998.

Esta circularización tamén se realizou ás entidades financeiras que outorgaron créditos ou préstamos, debendo notificarlle a concesión a este Consello de Contas (artigo 133 da Lei Orgánica 5/1985). Ademais solicitouse das entidades financeiras os extractos bancarios das contas electorais de campaña e a autorización de firmas para o movemento das citadas contas.

#### 1.9.- ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS.

O artigo 132.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, despois da modificación do 30 de marzo de 1994, prevé que desde a data de convocatoria ata o centésimo día posterior á celebración das eleccións, as Xuntas Electorais velarán polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei sobre gastos e subvencións electorais, engadindo o apartado 5º que "así mesmo as Xuntas Electorais informarán ó Tribunal de Contas dos resultados da súa actividade fiscalizadora".

Este Consello de Contas solicitou ás catro Xuntas Electorais Provinciais e á Xunta Electoral de Galicia a información detallada da súa actividade fiscalizadora levada a cabo, obtendo as seguintes contestacións:

##### - Xunta Electoral de Galicia.

A Xunta Electoral de Galicia comunicou a este Consello de Contas o nome dos Administradores Xerais dos partidos políticos, as contas correntes abertas nas Entidades Financeiras, os préstamos e créditos solicitados e a súa afectación á subvención.

Remitiu, mediante o escrito número 370/98, do 16 de abril, o informe, ó que se refire o artigo 132.5 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, sobre os ingresos e gastos electorais das forzas políticas concurrentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 19 de outubro de 1997. Este

informe da Xunta Electoral de Galicia xúntase como anexo ó presente informe do Consello de Contas.

Comunicou, mediante escrito de data 19 de setembro de 1997, as peticións de anticipos de subvencións electorais por parte das seguintes formacións políticas:

PP  
PSde G-PSOE  
BNG

Dou traslado, mediante escrito de data 27 de outubro de 1997, do acordo da Xunta Electoral de Galicia do 15 de outubro de 1997 relativo ó escrito do representante xeral da coalición electoral PS de G-PSOE / EU-EG / Os Verdes, formulando reclamación contra o Partido Popular e solicitando a intervención da Xunta Electoral de Galicia para velar polo cumprimento das normas relativas ós gastos electorais do mencionado partido (docs. nºs 199 e 203/97).

Este Consello de Contas non detectou indicios de conductas constitutivas de delito na documentación presentada polo Partido Popular respecto á denuncia formulada pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes.

Asimesmo, en contestación á consulta feita polo Consello de Contas sobre a cifra oficial da poboación galega por provincias para a fixación do límite máximo de gastos electorais, remitiu copia do seu acordo do 15 de abril de 1998, no que determina a aplicación das cifras resultantes da renovación do padrón municipal de habitantes aprobadas pola resolución da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística do 27 de decembro de 1995, que fixa a poboación de Galicia en 2.825.020 persoas.

##### - Xunta Electoral Provincial de A Coruña.

Comunicou a relación de administradores electorais e as contas correntes abertas polas diferentes formacións políticas como resultado da súa actividade fiscalizadora.

##### - Xunta Electoral Provincial de Lugo.

Manifesta que non consta ningunha irregularidade en materia de contabilidade electoral, comunicando as contas correntes abertas polas diferentes formacións políticas e a relación de administradores electorais.

**- Xunta Electoral Provincial de Ourense.**

Comunicou a relación de contas correntes abertas polas formacións políticas que acadaron representación nas eleccións do 19 de outubro de 1997.

**- Xunta Electoral Provincial de Pontevedra.**

Non contestou.

**1.10.- CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.**

Realizamos para cada partido político ou coalición electoral as conclusións que estimamos máis oportunas, poñendo especial énfase na rendición de contas da contabilidade detallada e documentada nos prazos previstos, así como a información que as entidades financeiras deben realizar ó Consello de Contas sobre as concesións de créditos ás formacións políticas, a información da facturación realizada por provedores e acredores superiores ó millón de pesetas, así como as propostas de adxudicación, redución ou non adxudicación das subvencións que constan neste informe.

Realízanse as recomendacións que estimamos oportunas para cada formación política, unha vez verificada toda a súa contabilidade electoral e o cumprimento da legalidade vixente tanto xeral como autonómica, que se expresa en cada apartado por grupo político.

**2.- REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS.**

O artigo 121.2 da LOREX, conforme a redacción dada pola Lei Orgánica 8/1991, de 13 de marzo, establece que a contabilidade axustarase en todo caso ós principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade.

**2.1.- PARTIDO POPULAR.****2.1.1.- Información Económico-Financeira.**

Co número 258 de rexistro de entrada neste Consello, de data 18-2-98, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 1997.

Os estados contables rendidos están formados por:

- Contas de financiamento e gastos electorais e notas explicativas das mesmas.
- Libro Diario de operacións.
- Libro Maior.
- Conta de resultados.
- Cadro de orixes e aplicacións.
- Xustificantes.

A documentación remitiuse acompañada por un escrito do Administrador xeral relacionando a documentación presentada, quen, asimismo, asina as notas ás contas de financiamento e gastos electorais e dilixenciando o libro maior e o libro diario para facer constar o número de páxinas de cada un deles, e que recollen tódalas operacións de financiamento e gastos electorais.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos observáronse as seguintes particularidades:

**2.1.2.- Recursos Financeiros.**

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PP para a súa campaña electoral ascenden a 246.750.771 ptas.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Financiamento público	56.745.392
Débedas con entidades de crédito	190.000.000
Ingresos financeiros	5.379
<b>TOTAL</b>	<b>246.750.771</b>

Non houbo aportacións de persoas físicas nin do partido.

O financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia en 1993, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o 127 da LOREX. A contía do anticipo ascende a 56.745.392 ptas.

O PP ten subscritos dous contratos de préstamo cunha entidade de crédito, por importe de 100.000.000 ptas. e de 90.000.000 ptas., sendo a data de concesión o 19 de setembro de 1997 e o 11 de outubro de 1997, respectivamente. A data do seu vencemento é o 19 de marzo de 1998 e o 11 de abril de 1998. Ámba-las dúas teñen unha sóa amortización a pagar ó vencemento da operación. En garantía do pago aféctanse a totalidade das subvencións e anticipos que poida recibirlo PP polos resultados das eleccións ó Parlamento de Galicia.

Os ingresos financeiros proceden da liquidación de intereses practicada pola entidade de crédito, polos saldos mantidos na conta corrente electoral.

**2.1.3.- Gastos Electorais.****a) Gastos por operacións ordinarias.**

A separación dos gastos que corresponden a operacións ordinarias de campaña e dos que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais, faise, tal como se deduce da documentación remitida polo PP, rexistrando os gastos ordinarios nas contas 621, 624, 629, 640, 642 e 663, empregando subcontas da conta 627 para contabilizar gastos ordinarios, gastos por envíos electorais, gastos de publicidade exterior e gastos en prensa e radio.

Tendo en conta a alegación cuarta elimínase do concepto publicidade exterior a cantidade de 8.556.62 ptas. imputándoa ó concepto de publicidade e propaganda.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PP ascenderon a 191.297.072 ptas., agrupándose, en base a alegación cuarta, nos seguintes conceptos:



Concepto	Importe (ptas.)
Arrendamentos	5.628.848
Transportes	365.536
Publicidade exterior	42.461.660
Publicidade en prensa e radio	32.838.740
Publicidade e propaganda	61.535.490
Exceso gasto mailing	4.311.796
Outros servicios	32.214.948
Soldos e salarios	3.216.247
Seguridade social a cargo empresa	860.863
Gastos de formalización de débedas	1.158.500
Intereses de débedas a c/p	6.704.444
<b>TOTAL</b>	<b>191.297.072</b>

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

Incluímos nos gastos ordinarios a cantidade de 4.311.796 ptas. correspondente ó importe dos gastos por envíos electorais que non resulta cuberto pola subvención a percibir.

A formación política utiliza para realiza-lo pago das débedas á Seguridade Social, en concepto de cuota obreira e patronal, e á Facenda Pública en concepto de retencións a conta do IRPF, unha conta operativa do PP, motivado, según a nota 5 ás contas de financiamento e gastos electorais e o escrito do administrador xeral da campaña do 4 de marzo de 1998, en que os modelos 110, TC1 e TC2 foron presentados polo PP ó carecer a campaña electoral de personalidade específica para ises efectos. O importe total é 1.131.559 ptas. Ista actuación é contraria ó establecido polo artigo 125.1 da LOREX, polo que non se acepta como gasto regular.

Detectáronse gastos que non reúnen tódolos requisitos esixidos pola normativa fiscal para ser considerados como facturas, por importe de 251.156 ptas. correspondentes 135.156 ptas. a envíos de correos e 116.000 ptas. ó aluguer dun local para a celebración dun mitin, polo que non se considera gasto regular.

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do PP, e

comprenden os gastos de formalización por importe de 1.158.500 ptas. e a liquidación de intereses por 3.379.444 ptas., así como a provisión de intereses á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 3.325.000 ptas.

Contabilizan todos estes importes na conta intereses de débedas a corto prazo, o que este Consello de Contas considera que non é correcto, xa que se debería contabilizar por separado os gastos de formalización de débedas e os gastos por intereses, respectivamente nas contas 626.- Servicios bancarios e similares e 663.- Intereses de débedas a corto prazo.

Para rexistra-los intereses devengados e non vencidos empregan a conta 410139.- Acredores por intereses, que presenta un saldo acredor de ptas. 3.325.000-H. Debeuse empregar a conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os intereses devengados e non vencidos.

O cálculo dos intereses previstos, aínda que con pequenas diferencias con respecto ó cálculo realizado polo Consello de Contas, estímase correcto.

De todo o exposto dedúcese que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificadas elévase a 189.914.357 ptas.

#### b) Gastos por envíos electorais.

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPE, ascenderon, segundo a contabilidade do PP, a 63.315.283 ptas., cantidade que supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto en 4.311.796 ptas., polo que, tal como se sinalou no anterior apartado, se engadiron ós gastos ordinarios de campaña.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Manipulación papeletas	1.160.000
Franqueo	14.333.476
Outros gastos	47.821.807
<b>TOTAL</b>	<b>63.315.283</b>

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen que se atopasen incidencias destacables. Polo tanto os gastos regulares xustificados ascenden á cantidade de 63.315.283 ptas. das que, como xa se dixo, 4.311.796 ptas. imputanse a gastos ordinarios, resultando a cantidade de 59.003.487 ptas. (máximo subvencionable por este concepto).

#### 2.1.4.- Límite máximo de gastos.

O límite máximo de gastos analizouse nos apartados 1.6 e 1.7 deste informe, ascendendo a 194.926.380 ptas., xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de 59.003.487 ptas. (2.565.369 electores por 23 ptas. por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

	Gastos Contabilizados	Límite de gastos
Gastos ordinarios	191.297.072	194.926.380
Gastos envíos electorais	(1)59.003.487	(2)59.003.487
<b>TOTAL</b>	<b>250.300.559</b>	<b>253.929.867</b>

(1) Descontadas 4.311.796 ptas. non subvencionables como gastos por envíos electorais que se imputan a gastos ordinarios.

(2) Non suxeita a límite de gastos.

Como se observa, os gastos contabilizados non superan ó límite legalmente previsto.

De acordo co disposto no artigo 55.3 da LOREX o gasto en publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite de gastos arriba expresado, ascendendo a cantidade de 48.731.595 ptas. (Ve-lo apartado 1.7 deste informe).

Tendo en conta a alegación cuarta, acreditáronse gastos de publicidade exterior por un importe de 42.461.660 ptas., polo que non se superou o límite correspondente a este concepto.

En canto ó límite de gastos de publicidade en prensa

periódica e emisoras de radio privadas, establecido polo artigo 58 da LOREX, ascende a 38.985.276 ptas. (Ve-lo apartado 1.7 deste informe)

O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 32.838.740 ptas. que non supera o límite legal antes aludido.

#### 2.1.5.- Información das entidades financeiras

Conforme ó establecido no artigo 133.3 da LOREX, a entidade financeira otorgante do crédito remitíu o Consello de Contas a información relativa á operación descrita no apartado relativo ós recursos financeiros.

#### 2.1.6.- Relación cos provedores e acredores.

Tal como se expón no apartado 1.8 deste informe circularizamos a tódalas empresas que facturaron por importe superior a cen mil pesetas, verificando que cumpriron co requisito sinalado polo artigo 133.5 da LOREX de comunicar ó Consello de Contas as facturacións superiores ó millón de pesetas.

a) Empresas que comunicaron directamente ó Consello de Contas a facturación realizada (artigo 133.5 LOREX):

Provedores	Importe (ptas.)
Serrano Publicidad SL	28.862.832
A UNO Asociados	15.000.000
Impacta	10.179.054
Travel Group	29.290.000
Impacto	3.932.400
Sinsello SL	1.160.000
Cabitel SA	20.902.190
IMCE	1.378.080
Drurat 5 UTE	1.218.000
<b>TOTAL</b>	<b>111.922.556</b>

b) Circularización realizada polo Consello de Contas:

Provedor	Importe	Resposta
Canon Pontevedra SL	624.155	SI
Iniciativas Audiovisuales SL	4.276.340	SI
CESIGA SA	484.202	SI
Auditorio de Galicia	696.000	SI
Kanguros SA	1.060.538	NON
Agencia Publicidad General SL	29.846.520	SI

Emp. Fraga de Espectáculos SA	812.000	SI	
Meydis	47.821.807	SI	
Auno Asociados	15.000.000	SI	
Impacto Marketing Promocional	3.932.400	SI	
Linsa Publicidad SA	3.269.808	SI	
Arlequín SL	13.920.000	SI	
Drurat-5 Ute	1.218.000	SI	
Serrano Publicidad SL	28.862.832	SI*	
Cabitel SA	20.902.190	SI	
Inst. Mpal. Coruña Espectáculos	1.378.080	SI	
Consello Mpal. Deportes Ourense	307.000	SI	
Travel Group	29.290.000	SI	
Artes Gráficas Portela SL	10.730.000	SI	
Impacta	10.179.054	SI	
Santa Mónica Publicidad SA	1.252.800	SI	
Carballiño Cine SI.	116.000	SI	
Antonio Vázquez Representac.	742.400	SI	
Transportes Castiñeiras SA	365.537		NON
Margen Fotografía SL	771.400	SI	
Jorge Lorenzo Alonso	321.000	SI	
Indust. Frigoríficas del Louro SA	430.053		NON
GPX Asociados SL	2.111.200		NON
Rico SL	985.768	SI	
Fundación Feiras e Expos. Ourense	348.000	SI	
Sinsello SL	1.160.000	SI	
FR Sonido e Iluminación	986.000	SI	
Mailfast SA	711.774		NON
<b>TOTAL</b>	<b>234.912.858</b>		

\* Contestaron directamente.

A circularización realizada representa o 94% do total de gastos xustificadas.

Identificáronse 18 provedores por prestación de servizos ou adquisición de bens con facturación superior a 1.000.000 ptas., dos que 16 informaron ó Consello de Contas, quedando pendente de recibir información dos seguintes provedores:

Provedores	Importe (ptas.)
Kanguros SA	1.060.538
GPX Asociados SI.	2.111.200
<b>TOTAL</b>	<b>3.171.738</b>

Recibiuse contestación das seguintes empresas xa enviado o anteproxecto de informe para alegacións:

- Kanguros SA con entrada nº 954 neste Consello de Contas, do 11 de maio de 1998.
- Transportes Castiñeiras, SA con entrada nº 966, do 14 de maio de 1998.

Non se atoparon outras incidencias dignas de mención.

### 2.1.7.- Tesourería da campaña.

Practicamente tódolos ingresos e pagos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX, excepto o pago das débedas coa Seguridade Social e coa Facenda Pública para os que, tal como se sinalou no apartado 2.1.3. a) deste informe, non se utilizou unha conta específica da campaña electoral.

Na data de peche da contabilidade electoral, rendida ó Consello de Contas, só figuran como obrigas pendentes de pago os intereses devengados e non vencidos dos préstamos concertados pola formación política. Como xa se dixo no apartado 2.1.3 a) sería mellor utiliza-la conta 526 en lugar da conta 410.

Empregouse a conta 570000 – Caixa, para facer un pago de 380.156 ptas. a Correos en concepto de envíos postais, os fondos proveñen da conta da campaña electoral.

A conta 572000, que non é a correspondente á conta bancaria da campaña electoral, ten un saldo de ptas.- 1.131.559 II, importe correspondente ó pago das débedas coa Seguridade Social e coa Facenda Pública.

A conta 572008, corresponde á conta da campaña electoral, e presenta un saldo na data de peche da contabilidade de ptas. 906.771 D.

Tódolos pagos se realizaron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.

### 2.1.8.- Límite máximo da subvención.

De acordo co exposto no apartado 1.4 deste informe relativo ós importes das subvencións electorais e coa Resolución da Xunta Electoral de Galicia de data 5 de novembro de 1997, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 19 de outubro de 1997 o importe das subvencións a que tería dereito o PP serfan, na opinión do Consello de Contas, as seguintes:

**a).- Subvención suxeita ó límite.**

42 escanos a 2.304.000 de ptas.....	96.768.000
832.751 votos a 86 ptas.....	71.616.586
<b>Total subvención suxeita ó límite.....</b>	<b>168.384.586</b>

**b).- Subvención non suxeita ó límite (Envíos electorais-Mailing).**

2.565.369 electores a 23 ptas.....	59.003.487
<b>Total subvención non suxeita ó límite.</b>	<b>59.003.487</b>

O límite máximo da subvención ven determinado pola suma de :

a) Subvención suxeita ó límite.....	168.384.586
b) Subvención non suxeita ó límite.....	59.003.487
<b>Límite máximo da subvención.....</b>	<b>227.388.073</b>

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontaranse os anticipos recibidos a conta.

A proposta do Consello de Contas de subvención para o Partido Popular-PP, tendo en conta a súa alegación cuarta é de 227.388.073 ptas.

A esta cantidade hai que descontarlle os anticipos recibidos a conta de 204.649.266 ptas., resultando un líquido a percibir de 22.738.807 ptas.

O Consello de Contas solicitou ó Partido Popular que completase o seu aval por importe de 5.107.086 ptas., xa que a interpretación que o Consello de Contas manifesta sobre o artigo 133.4 da LOREX é que o aval debe ser o 10% da suma dos dous anticipos. Mediante escrito de rexistro de entrada en este Consello de Contas de Galicia nº 1.013 do 20 de maio de 1998, polo Partido Popular, foi depositada fotocopia compulsada do citado aval bancario.

Subvención total	Anticipos da subvención		Total anticipos	Subvención pendente
	1ºAnticipo	2ºAnticipo		
227.388.073	56.745.392	147.903.874	204.649.266	22.738.807

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, na opinión deste Consello de Contas, en ningún caso, a 22.738.807 ptas.

**2.1.9.- Proposta.**

Tendo en conta o previsto no artigo 47.3 da LEPG e no artigo 134.2 da LOREX, e tendo en conta, asimesmo, a alegación cuarta presentada polo PP o Consello de Contas, respecto á subvención cuantificada no apartado anterior, resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

**2.1.10.- Conclusións.**

Das actuacións realizadas, reflectindo os resultados no presente informe, dedúcense as seguintes conclusións:

1ª).- Os intereses devengados e non vencidos deben contabilizarse con abono á conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, en vez da conta 410 acredores por prestación de servizos.

A conta 526 precisamente recolle no Haber o importe dos intereses devengados durante o exercicio, incluídos os non vencidos, con cargo ás contas 662 e 663.

2ª).- Deben separarse axcitadamente os gastos ordinarios da campaña electoral dos gastos de envíos electorais (Mailing) co fin de poder determina-lo límite máximo de gastos e o límite de cada tipo de subvención.

A mesma recomendación pódese facer, dentro dos gastos ordinarios, respecto dos gastos afectados polos límites en concepto de publicidade exterior e publicidade en prensa e radio.

3ª).- As liquidacións do IRPF e Seguridade Social dos gastos electorais deben ser independentes das operacións ordinarias do partido e contabilizarse nas contas bancarias electorais.

**2.1.11.- Opinión.**

1ª).- Auditamo-las contas electorais do Partido Popular, correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 19-10-1997, que comprenden o Balance de situación ó 17-1-98, a conta de Perdas e Ganancias (conta de ingresos e gastos) e a Memoria, correspondentes ós gastos e

ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º).- A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre as contas anuais no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ó Partido Popular de acordo cos seus resultados electorais.

3º).- O traballo realizámolo de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º).- Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, tódolos aspectos significativos contendo a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

5º).- A proposta, do Consello de Contas, de subvención para o Partido Popular-PP é de 227.388.073 ptas. A esta cantidade hai que descontarlle os anticipos recibidos a conta de 204.649.266 ptas., resultando un líquido a percibir de 22.738.807 ptas.

#### 2.1.12.- Alegacións.

Ó abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992) púxose en coñecemento do Partido Popular o resultado das actuacións deste Consello de Contas.

#### A) Alegacións formuladas polo Partido Popular.

Adxúntanse as citadas alegacións como anexo ó final do apartado 2.1.12.

#### B) Contestación ás alegacións formuladas polo Partido Popular.

**Primeira.-** Non se pode aceptar a alegación en

virtude do artigo 125.1 da LOREX. A non aceptación non afecta á subvención proposta polo Consello de Contas.

**Segunda.-** Ó faltar o NIF na factura, que é un erro subsanable, non se acepta a alegación por non ter a factura de Carballiño Cine, de 116.000 ptas., o citado requisito fiscal. A non aceptación non afecta á subvención proposta polo Consello de Contas.

**Terceira.-** Os gastos de franqueo de Correos de Tui de 93.597 ptas. e de Pontearreas de 41.559 ptas. non se poden aceptar como gastos regulares, ó non dispoñer das correspondentes facturas, aínda que sexa un erro subsanable. A non aceptación non afecta á subvención proposta polo Consello de Contas.

**Cuarta.-** Tendo en conta a alegación presentada polo Partido Popular referente á redacción do artigo 55 da LOREX e que nas contas presentadas non se tivo en consideración que determinadas partidas de gasto non deberfan ser rexistradas en publicidade exterior, senón noutra subconta de publicidade e propaganda por importe de ptas. 8.556.162, correspondentes ás facturas nº 25, do 30 de outubro de 1997, de ptas. 7.986.660 de Serrano Publicidad SL, que inclúe un gasto de publicidade en unidades móbiles (é dici., vagóns) polo que debe ser considerado como de publicidade interior, por un importe de 7.303.362 ptas., IVE incluído e a factura nº 97158, de 19 de setembro de 1997, de Santa Mónica publicidad SA, correspondente a carteis a instalar en vagóns de Renfe-cercanías de Galicia, por un importe de ptas. 1.252.800, IVE incluído, acéptase a súa alegación, modificando o texto do anteproxecto para alegacións nas páxinas 16, 17, 19 e 20, e o anexo resumo de gastos e subvencións.

A aceptación implica que se modifica a proposta de subvención, eliminando a redución de 2.286.227 ptas.

## ANEXO

## ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO PARTIDO POPULAR



Consello de Contas de Galicia	
REGISTRO XERAL	
ENTRADA	DATA
N.º 981	18-5-98

## Ó CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

Avelino Jorge Iglesias, D.N.I. 35.990.091, en calidade de Administrador Xeral da campaña electoral das Eleccións Autonómicas de 1997 ó Parlamento de Galicia do Partido Popular, ante ese Consello comparece e, coma mellor proceda.

DÍ

Que con data 5 de maio de 1998 recibiu o anteproxecto para alegacións do informe de fiscalización de eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de outubro do 1997. A dito anteproxecto de informe, co mérito de respecto, presenta as seguintes:

## ALEGACIÓNS

**Primeira.-** En relación cos gastos polos conceptos de Seguridade Social e o pago das retencións a conta do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, reiteramos que, tal e como se menciona nas notas explicativas das contas de financiación e gastos electorais, a carencia de personalidade específica da Campaña Electoral xustifica adecuadamente o noso xeito de proceder, aínda que si se aplica estritamente a literalidade do artigo 125.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral exista unha incorrección.

**Segunda.-** En canto á falla de número de factura e NIF na factura emitida polo Carballiño Cine, S.L. polo aluguer dun local para un mitin da campaña, de 116.000 pesetas, é un erro subsanable.

**Terceira.-** En canto ós gastos de envío de correos por valor de 135.156 pesetas, que corresponden a escritos para realiza-lo franqueo na oficina de correos de Tui (93.597 pesetas) e Pontearreas (41.559 pesetas), que logo non foron acompañadas polos seus respectivos xustificantes, corresponde a un erro subsanable.

**Cuarta.-** En relación co artigo 55.3 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral que fai referencia ó límite do 25% dos gastos por utilización de espazos publicitarios, consideramos que non é de aplicación ás Eleccións ó Parlamento de Galicia do 19 de Outubro do 1997.

Dacordo coa redacción da disposición adicional 1ª apartado 2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, de 2 de abril, 8/1991, de 13 de marzo, 6/1992, de 2 de novembro, 13/1994, de 30 de marzo e 3/1995, de 23 de marzo, o artigo 58.1, que fai referencia a que os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poden supera-lo 20% dos gastos previstos para os partidos, agrupacións, coalicións ou federacións e as candidaturas, afecta ás eleccións ó Parlamento de Galicia en aplicación das competencias que a Constitución reserva ó Estado. Nembargantes, esa mesma disposición adicional 1ª, no seu apartado 3, atribúelle ó artigo 55.3, que fai referencia ó límite do gasto pola utilización de espazos comerciais autorizados o carácter supletorio.

Hórreo, 110 • Teléfonos (981) 57 30 00 - 57 33 00 • Fax (981) 57 31 90 • Santiago de Compostela



Os límites do 20% e 25% citados no párrafo anterior foron introducidos na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral perante a nova redacción dada pola Lei 13/1994 de 30 de marzo.

A Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, no seu Título VI regula os gastos e subvencións electorais, sen que se teña realizado modificación adaptándose á nova redacción dada ós artigos mencionados anteriormente na Lei de Réxime Electoral Central pola Lei 13/1994.

Perante Orde do 29 de Agosto de 1997, a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, no apartado 4 do artigo único de dita orde, determina o límite dos gastos electorais sen menciona-los límites parciais do 25 ou 20%. En base a elo, interpretamos que o límite do 25% para a utilización dos espazos comerciais autorizados para a propaganda non afecta a estas eleccións xa que era postestade da Comunidade Autónoma a súa determinación. Nembargantes, interpretamos que si era de aplicación o límite do 20% para os gastos de publicidade en prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada por non ser competencia da Comunidade Autónoma a súa regulación.

Agora ben, aínda admitindo a interpretación de que sexa de aplicación o límite do 25% para a publicidade exterior, non temos superado tal límite como demostraremos decontado.

Da redacción do artigo 55, despréndese que o concepto de gasto ó que se refire é o de utilización dos lugares reservados coma gratuitos polos Concellos para a colocación de cartéis e, no seu caso, pancartas e cartéis colgados a postas ou farolas polo sistema chamado de bandeirolas, ou nos espazos comerciais autorizados similares. É dicir, se refire a lugares exteriores e, en consecuencia, de acceso público, o que significa que o acceso á súa visión non esté restrinxida. Por conseguinte, os lugares comerciais para a publicidade non incluídos en dito concepto non forman parte do concepto de gasto que define o citado artigo, lugares tais coma locais de espectáculos cuxo acceso se realiza previo pago da entrada, os vagóns ou coches de Renfe cuxo acceso é para os usuarios do mesmo previo pago do billete correspondente, etc.

Nas contas presentadas, ó considerar que non opera o límite do 25%, non se tivo en consideración que determinadas partidas de gasto non deberían ter sido rexistradas en Publicidad Exterior, senón noutra subconta de Publicidad e Propaganda. De ter considerado que era de aplicación o límite do 25%, gastos por importe de 8.556.162 pesetas non figurarían en Publicidad Exterior, por corresponder a:

Factura número 25, do 30 de outubro de 1997, de 7.985.660 pesetas de Serrano Publicidad, S.L., que inclúe o gasto de publicidade en unidades móbiles (é dicir, vagóns) polo que debe ser considerado como de publicidade interior, por un importe de 7.303.362 Pesetas, IVE incluído.

Factura número 97158, do 19 de setembro do 1997, de Santa Mónica Publicidad, S.A. correspondente a cartéis a instalar en vagóns de RENFE - Cercanías de Galicia, por un importe de 1.252.800 pesetas, IVE incluído.

Ó considera-los importes citados, e a efectos de determina-lo importe de publicidade exterior afecta ó artigo 55 a contabilidade presentada se vería modificada coma segue:



	Publicidade e Relacións Públicas	Publicidade Exterior	Prensa e Radio	Resto
As S./Ctas. presentadas	200.151.173	51.017.822	32.838.740	116.294.611
Fra. nº 25/97 de Serrano Publicidad, S.L.		-7.303.362		7.303.362
Fra. nº 97158 de Santa Mónica Publicidad, S.A.		-1.252.800		1.252.800
Sumas	200.151.173	42.461.660	32.838.740	124.850.773
Límites 25% ou 20% respetivos		48.731.595	38.985.276	
Diferencia: gastos menos límite		-6.269.935	-6.146.536	

Polo que os límites, aínda admitindo a aplicabilidade de ambos, non terían sido sobrepasados e, en consecuencia, non procede dedución algunha da subvención a percibir en función dos escanos e votos obtidos.

Por todo o expresado:

Solicita sexa modificada a proposta de importe de subvención a percibir, quedando en 227.388.073 pesetas, importe á que tiña que deducir los anticipos a conta de 20.164.266 pesetas, resultando un líquido a percibir de 22.738.807 pesetas.

En Santiago, a 15 de maio de 1998

Fdo.:

Avelino Jorge Iglesias



**2.2.- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG).****2.2.1.- Información Económico-Financeira.**

Con número 212 de rexistro de entrada neste Consello, de data 13-2-98, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 1997.

Os estados contables rendidos están formados por:

- Memoria
- Balance de situación
- Conta de resultados
- Balance de sumas e saldos.
- Libro Diario de operacións.
- Libro Maior.
- Xustificantes.

Todos eles están dilixenciados co selo da formación e acompañanse de escritos do responsable político das finanzas e do administrador xeral que detallan a documentación rendida, da acreditación pola Xunta Electoral de Galicia do administrador xeral e de fotocopia da escritura pública e dos estatutos de constitución da asociación política Bloque Nacionalista Galego.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos, obsérvanse as seguintes particularidades:

**2.2.2.- Recursos Financeiros.**

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo BNG para a súa campaña electoral ascenden a 158.817.751 ptas.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Aportacións do partido	25.442.441
Aportacións de persoas físicas	2.646.572
Financiamento público	27.616.756
Débedas con entidades de crédito	103.111.963
Ingresos financeiros	19
<b>TOTAL</b>	<b>158.817.751</b>

En canto ás aportacións de persoas físicas só en dous casos, de contía irrelevante, non está identificado o aportante. Nas demais aportacións figura o nome e o DNI do aportante, sin que conste o enderezo, (requisito previsto no artigo 126 da LOREX), agás en catro casos en que si figura. Comprobouse o cumprimento do requisito esixido polo artigo 129 da LOREX, que establece unha cantidade máxima por aportación de un millón de pesetas.

O Consello de Contas solicitou ó BNG a procedencia dos fondos das aportacións realizadas pola formación política á campaña electoral, de conformidade co establecido no artigo 126.3 da LOREX, contestando este partido mediante escrito con número 885 de rexistro de entrada neste Consello, de data 29-4-98.

Débase mencionar que o BNG recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devengo recollido no artigo 121.2 da LOREX.

Este recoñecemento fíxose mediante un cargo na conta 4400001 – Administración pública debedora por subvencións, (sería mellor empregar unha conta do subgrupo 47 – Administracións públicas), e un abono na conta 7400000 – Subvencións oficiais á explotación. O importe do asento foi de 106.866.141 ptas.

Polo demais, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia en 1993, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o 127 da LOREX. A contía do anticipo ascende a 27.616.756 ptas.

O BNG ten subscrita unha póliza de crédito cunha caixa de aforros, cun límite máximo de 120.000.000 ptas., sendo a data de concesión o 10 de setembro de 1997 e data do seu vencemento o 30 de setembro de 1998. En garantía do pago do principal, intereses, comisións, gastos e costas que se deriven da póliza de crédito aféctanse a totalidade das subvencións e anticipos que poida recibirlo BNG polos resultados das eleccións ó Parlamento de Galicia.

**2.2.3.- Gastos Electorais.****a) Gastos por operacións ordinarias.**

A separación dos gastos que corresponden a operacións ordinarias de campaña e dos que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais, faise, tal como explica o BNG na Memoria, rexistrando os gastos ordinarios nas contas 621, 622, 624, 625, 626 e 627, a estas hai que engadi-la conta 663-Intereses de débedas a corto prazo, que non se menciona na Memoria; e os gastos por envíos electorais nas contas 628 e 629.

Os gastos por operacións ordinarias ascenderon a 100.313.035 ptas., agrupándose nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Arrendamentos	1.370.000
Reparacións e conservación	77.720
Transportes	539.400
Primas de seguros	47.676
Gastos de formalización de débedas	764.978
Publicidade e propaganda	95.647.004
Intereses de débedas a c/p	1.866.257
<b>TOTAL</b>	<b>100.313.035</b>

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade do BNG, e comprenden tanto os gastos de formalización por importe de 707.500 ptas., contabilizados na conta de servizos bancarios e similares, como a liquidación de intereses por 1.866.257 ptas., contabilizados na conta intereses de débedas a corto prazo.

Inclúese unha provisión de intereses á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 498.767 ptas.

Para rexistrar estes intereses devengados e non vencidos empregan a conta 41000001.- Caixa Galicia acredor por intereses, que presenta un saldo acredor de ptas. 498.767-H. Debeuse empregar a conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os intereses devengados e non vencidos.

O cálculo dos intereses previstos, aínda que con pequenas diferencias con respecto ó cálculo realizado polo Consello de Contas, estíbase correcto.

Revisada toda a documentación xustificativa dos gastos non se atoparon deficiencias de relevancia.

**b) Gastos por envíos electorais.**

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPLG, ascenderon, segundo a contabilidade do BNG, a 59.003.487 ptas., cantidade que coincide coa subvención establecida para este concepto.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nas seguintes contas:

628-Subministracións, os gastos do servizo de correos, que ascenderon a 2.333.064 ptas.

629-Outros servizos, a facturación dunha empresa en concepto de envíos de sobre exterior, papeleta, sobre votación e tríptico, por importe de 56.670.423 ptas.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen atopar ningunha incidencia destacable.

**2.2.4.- Límite máximo de gastos.**

O límite máximo de gastos analizouse nos apartados 1.6 e 1.7 deste informe, ascendendo a 194.926.380 ptas., xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de 59.003.487 ptas. (2.565.369 electores por 23 ptas. por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

	Gastos Contabilizados	Límite de gastos
Gastos ordinarios	100.313.035	194.926.380
Gastos envíos electorais	59.003.487	(1)59.003.487
<b>Total</b>	<b>159.316.522</b>	<b>253.929.867</b>

(1) Non suxeita a límite de gastos.

Como se observa, os gastos contabilizados son inferiores ó límite legalmente previsto.

De acordo co disposto no artigo 55.3 da LOREX o límite de gastos en publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite de gastos arriba expresado, ascendendo a cantidade de 48.731.595 ptas. (Ve-lo apartado 1.7 deste informe)

Acreditáronse gastos de publicidade exterior por un importe de 36.888.000 ptas., polo que non se superou o límite correspondente a este concepto.

En canto ó límite de gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas, establecido polo artigo 58 da LOREX, ascende a 38.985.276 ptas. (Ve-lo apartado 1.7 deste informe)

O importe dos gastos electorais declarados por estes conceptos é de 26.225.567 ptas. que non supera o límite legal antes aludido.

#### 2.2.5.- Información das entidades financeiras

Conforme ó establecido no artigo 133.3 da LOREX, a entidade financeira otorgante do crédito remitiu ó Consello de Contas a información relativa á operación descrita no apartado relativo ós recursos financeiros.

#### 2.2.6.- Relación cos provedores e acredores.

Tal como se expón no apartado 1.8 deste informe circularizamos a tódalas empresas que facturaron por importe superior a cen mil pesetas, verificando que cumpriron co requisito sinalado polo artigo 133.5 da LOREX de comunicar ó Consello de Contas as facturacións superiores ó millón de pesetas.

a) Ningunha empresa comunicou directamente ó Consello de Contas a facturación realizada (artigo 133.5 LOREX).

b) Circularización realizada polo Consello de Contas:

Provedor	Importe	Resposta
Empr. Fraga de Espectáculos SA	406.000	SI
Consortio Proferias y Exposiciones	232.000	SI
Concello de A Coruña	500.000	SI
GPX Asociados SL	580.058	SI
Máis Medios REC Asoc. Comunic- SL	110.200	SI
Pintega Publicidade	739.056	SI
Arcamaster	108.460	SI
Faro de Vigo SA	141.984	NON
Radio Pontevedra SA	120.640	SI
La Voz de Galicia SA	266.916	NON
Concello de Ourense	232.000	SI
Viaxes Cristín	539.400	SI
Torné Asociados	149.920.000	SI
<b>TOTAL</b>	<b>153.896.714</b>	

A circularización realizada representa o 96,5% do total de gastos xustificados.

Identificouse un provedor (Torné Asociados) por prestación de servizos ou adquisición de bens con facturación superior a 1.000.000 ptas., que informou, ó Consello de Contas a súa facturación.

Non se atoparon incidencias dignas de mención.

#### 2.2.7.- Tesourería da campaña.

Tódolos ingresos e pagos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX.

A conta 400-Provedores presenta un saído na data de peche da contabilidade electoral de ptas. 4 H, debido a un redondeo no pago dunha factura.

A conta 572-Bancos e institucións de crédito ten un saldo de 0 ptas. Tódolos pagos se realizaron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.

**2.2.8.- Límite máximo de subvención.**

De acordo co exposto no apartado 1.4 deste informe relativo ós importes das subvencións electorais e coa Resolución da Xunta Electoral de Galicia de data 5 de novembro de 1997, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 19 de outubro de 1997 o importe das subvencións a que tería dereito o BNG serían, na opinión do Consello de Contas, as seguintes:

**a).- Subvención suxeita ó límite.**

18 escanos a 2.304.000 de ptas..... 41.472.000  
 395.435 votos a 86 ptas..... 34.007.410  
**Total subvención suxeita ó límite..... 75.479.410**

**b).- Subvención non suxeita ó límite (Envíos electorais-Mailing).**

2.565.369 electores a 23 ptas..... 59.003.487  
**Total subvención non suxeita ó límite. 59.003.487**

O límite máximo da subvención ven determinado pola suma de :

a) Subvención suxeita ó límite..... 75.479.410  
 b) Subvención non suxeita ó límite..... 59.003.487  
**Límite máximo da subvención..... 134.482.897**

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontaranse os anticipos recibidos a conta.

A proposta de subvención para o Bloque Nacionalista Galego-B.N.G. é de 134.482.897 ptas. que descontados os anticipos recibidos a conta de 121.034.607 ptas., resulta un líquido a percibir de 13.448.290 ptas.

Subvención total	Anticipos da subvención		Total anticipos	Subvención pendente
	1º Anticipo	2º Anticipo		
134.482.897	27.616.756	93.417.851	121.034.607	13.448.290

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a 13.448.290 ptas.

**2.2.9.- Proposta.**

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral do BNG para as eleccións mencionadas, este Consello de Contas resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

**2.2.10.- Conclusións.**

Das actuacións realizadas, reflectindo os resultados no presente informe, dedúcense as seguintes conclusións:

1\*.- Os intereses devengados e non vencidos deben contabilizarse con abono á conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, en vez da conta 410 acredores por prestación de servizos.

A conta 526 precisamente recolle no Haber o importe dos intereses devengados durante o exercicio, incluídos os non vencidos, con cargo ás contas 662 e 663.

2\*.- Deben separarse axeitadamente os gastos ordinarios da campaña electoral dos gastos de envíos electorais (Mailing) co fin de poder determina-lo límite máximo de gastos e o límite de cada tipo de subvención.

A mesma recomendación pódese facer, dentro dos gastos ordinarios, respecto dos gastos afectados polos límites en concepto de publicidade exterior e publicidade en prensa e radio.

3\*.- Contabilízase a subvención pendente de recibir cun cargo na conta 4400001-Administración Pública debedora por subvencións, e un abono na conta 7400000-Subvencións oficiais á explotación, por importe de 106.866.141 ptas. Sería máis aconsellable empregar como conta de cargo unha do subgrupo 47-Administracións Públicas.

**2.2.11.- Opinión.**

1º).- Auditamo-las contas electorais do BNG, correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 19-10-1997, que comprenden o Balance de situación ó 31-1-97, a conta de Perdas e Ganancias e a Memoria, correspondentes ós gastos e

ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º).- A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre contas anuais no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ó BNG de acordo cos seus resultados electorais.

3º).- O traballo realizámolo de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º).- Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, tódolos aspectos significativos contendo a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

5º).- A proposta de subvención para o partido ascende a 134.482.897 ptas., que descontados os anticipos a conta de 121.034.607 ptas., resulta un líquido a percibir de 13.448.290 ptas.

#### **2.2.12.- Alegacións.**

Ó abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992) púxose en coñecemento do Bloque Nacionalista Galego o resultado das actuacións deste Consello de Contas.

#### **A) Alegacións formuladas polo Bloque Nacionalista Galego.**

O Bloque Nacionalista Galego non presentou alegacións.

**2.3.- COALICIÓN ELECTORAL PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL / ESQUERDA UNIDA - ESQUERDA GALEGA / OS VERDES.**

**2.3.1- Información Económico-Financeira.**

Con número 259 de rexistro de entrada neste Consello, de data 18-2-98, recibíuse, dentro do prazo legal previsto no artigo 46.1 da LEPG, a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 1997.

Os estados contables rendidos están formados por:

- Documentación relativa ó nomeamento do administrador xeral da Coalición Electoral, constitución da devandita Coalición e designación dos representantes nas circunscricións electorais.
- Pólizas de contrato de contas de crédito e contratos de contas correntes.
- Conta de explotación dos gastos ordinarios de campaña e mailing.
- Libro Diario de operacións.
- Maior das contas das operacións ordinarias de campaña e mailing.
- Xustificantes.
- Extractos das c/c bancarias.

Asimesmo, con data 2 de marzo de 1998 e nº de rexistro de entrada 329, recibíuse documentación complementaria relativa ás contas correntes de campaña e operacións de préstamo.

A coalición electoral non presentou Memoria.

A coalición electoral presentou os estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais. Ademais a contabilidade dos gastos ordinarios de campaña están desglosados por provincias, existindo unha contabilidade a nivel de Galicia desde a que se fixeron as transferencias ás delegacións provinciais para o seu funcionamento.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos observáronse as seguintes particularidades:

**2.3.2.- Recursos Financeiros.**

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida pola Coalición para a súa campaña electoral ascenden a 192.628.124 ptas.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Aportacións da formación política	51.664.659
Financiam. Público gastos ordinarios	19.203.698
Financiam. Público gastos mailing	13.759.014
Débedas con entidades de crédito (gastos ordinarios)	60.000.000
Débedas con entidades de crédito (gastos mailing)	48.000.000
Ingresos financeiros	753
<b>TOTAL</b>	<b>192.628.124</b>

Non houbo aportacións de persoas físicas.

O Consello de Contas solicitou á Coalición electoral a procedencia dos fondos das aportacións realizadas pola formación política á campaña electoral, de conformidade co establecido no artigo 126.3 da LOREX, contestando esta formación mediante escrito con número 886 de rexistro de entrada neste Consello, de data 29-4-98.

A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devengo recollido no artigo 121.2 da LOREX.

Este recoñecemento fíxose mediante un cargo nunha conta do subgrupo 47 – Administracións públicas, e un abono na conta 740 – Subvencións oficiais á explotación. O importe total do asiento foi de 61.235.136 ptas. en concepto de previsión de ingresos por resultados electorais e de 58.998.013 ptas. en concepto previsión de ingresos por subvención correspondente ós envíos electorais.

Polo demais, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia en 1993, tal como dispoñen o artigo 45 da LEPG e o

127 da LOREX. A contía total do anticipo ascende a 32.962.712 ptas.

A Coalición ten subscritas dúas pólizas de crédito cunha entidade bancaria e cunha caixa de aforros, cun límite máximo de 60.000.000 ptas. e de 48.000.000 ptas., sendo a data de concesión o 19 de setembro de 1997 e o 24 de setembro de 1997, respectivamente. Asimesmo, a data do seu vencemento é o 19 de setembro de 1998 e o 30 de setembro de 1998. En garantía do pago da primeira póliza de crédito aféctanse as subvencións por escano e por voto que poida recibila formación política polos resultados das eleccións ó Parlamento de Galicia, e, da mesma forma, no caso da segunda póliza de crédito, aféctase a subvención por envíos electorais.

Estas pólizas rexistráronse, na contabilidade dos gastos ordinarios de campaña e na contabilidade dos envíos electorais, cun abono na conta 170-Débedas a longo prazo con entidades de crédito. Na opinión deste Consello de Contas na primeira póliza debeuse empregar a conta 520- Débedas a curto prazo con entidades de crédito, xa que este é o vencemento da citada póliza. Respecto á segunda póliza, con data 1-10-97 debeuse traspasar á conta 520.

Os ingresos financeiros proceden da liquidación de intereses practicada pola caixa de aforros, polos saldos mantidos na conta corrente dedicada ós gastos por envíos electorais.

### 2.3.3.- Gastos Electorais.

#### a) Gastos por operacións ordinarias.

Como xa se sinalou no apartado 2.3.1, a Coalición Electoral presentou os seus estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden ós envíos electorais. Presentando tamén unha contabilidade separada para as delegacións provinciais da formación política.

Os gastos por operacións ordinarias declarados pola Coalición Electoral ascenderon a 133.473.892 ptas., agrupándose nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Arrendamentos	497.651
Primas de seguros	376.200
Publicidade exterior	32.698.320
Publicidade en prensa e radio	25.519.325
Publicidade e propaganda	34.803.389
Subministracións	884.635
Outros servizos	1.060.663
Transferencias á delegación Coruña	10.816.174
Transferencias á delegación Lugo	5.955.000
Transferencias á delegación Ourense	5.955.000
Transfer. á delegación Pontevedra	12.000.000
Gastos de formalización de débedas	300.000
Intereses de débedas	2.605.536
Outros gastos financeiros	2.000
<b>TOTAL</b>	<b>133.473.893</b>

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

Utilizáronse incorrectamente as contas 6297 para recolle-los gastos das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, xa que de acordo co que determina o Plano Xeral de Contabilidade, para a conta de explotación débéronse utiliza-los conceptos de gasto pola súa natureza e para as transferencias ás sedes provinciais débéronse utiliza-las contas do subgrupo 55.- Outras contas non bancarias (551.- Conta corrente con empresas do grupo), e incorporalo gasto real ás contas de gasto do grupo 6 con abono ás contas do subgrupo 55.

Detectáronse gastos que non reúnen tódolos requisitos esixidos pola normativa fiscal para ser considerados como facturas, por importe de 22.226 ptas. correspondentes a dúas comidas, polo que non se consideran gasto regular.

Dúas facturas por importes de 884.635 ptas. correspondente a Telefónica e 5.800.000 ptas. correspondente a Juan Pouso Blanco teñen data posterior á de proclamación de electos, establecido polo artigo 130 da LOREX, polo que non se consideran gasto regular.

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade da Coalición Electoral, e comprenden os gastos de formalización por importe de 300.000 ptas. e a provisión de intereses á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 2.605.536 ptas.

Contabilizan todos estes importes na conta 662 intereses de débedas a longo prazo, o que este Consello de Contas considera que non é correcto, xa que se debería contabilizar por separado os gastos de formalización de débedas e os gastos por intereses, respectivamente nas contas 626-Servicios bancarios e similares e 663-Intereses de débedas a corto prazo.

Para rexistra-los intereses devengados e non vencidos empregan a conta 581.- Intereses a pagar non vencidos, que presenta un saldo acredor de ptas. 2.605.536-H. Debeuse empregar-la conta. 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os intereses devengados e non vencidos.

O cálculo dos intereses previstos, aínda que con pequenas diferencias con respecto ó cálculo realizado polo Consello de Contas, estímase correcto.

De todo o exposto dedúcese que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificadas, na sede central da Coalición Electoral, elévase a 126.767.032 ptas., ás que hai que engadir 7.000 ptas. consideradas como gasto non regular da sede da Coalición na provincia de Lugo, polo que o total de gastos ordinarios xustificadas foi de 126.760.032 ptas.

Respecto ós gastos ordinarios de campaña nas catro sedes provinciais, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

**A Coruña:**

Os gastos por operacións ordinarias declarados pola Coalición Electoral ascenderon a 10.816.174 ptas., agrupándose nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Arrendamentos	1.145.583
Reparacións e conservación	204.392
Servicios de profesionais independ.	62.900
Publicidade exterior	-----

Publicidade en prensa e radio	-----
Publicidade e propaganda	3.326.895
Subministracións	386.606
Outros servicios	5.586.428
Outros gastos sociais	103.340
Outros gastos financeiros	30
<b>TOTAL</b>	<b>10.816.174</b>

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables sen que se detectasen incidencias dignas de mención.

**Lugo:**

Os gastos por operacións ordinarias declarados pola Coalición Electoral ascenderon a 5.955.000 ptas., agrupándose nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Arrendamentos	795.520
Reparacións e conservación	17.601
Publicidade exterior	43.384
Publicidade en prensa e radio	484.944
Publicidade e propaganda	737.907
Subministracións	280.704
Outros servicios	3.594.940
<b>TOTAL</b>	<b>5.955.000</b>

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

Detectouse unha factura de importe 7.000 ptas. correspondente a Electrónica Alatuxe con data posterior á de proclamación de electos, límite establecido polo artigo 130 da LOREX, polo que non se consideran gasto regular.

**Ourense:**

Os gastos por operacións ordinarias declarados pola Coalición Electoral ascenderon a 5.955.000 ptas., agrupándose nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Arrendamentos	446.180
Reparacións e conservación	29.000
Publicidade exterior	-----
Publicidade en prensa e radio	458.734



Publicidade e propaganda	1.255.016
Outros servicios	3.766.070
<b>TOTAL</b>	<b>5.955.000</b>

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables sen que se detectasen incidencias dignas de mención.

**Pontevedra:**

Os gastos por operacións ordinarias declarados pola Coalición Electoral ascenderon a 12.000.000 ptas., agrupándose nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Arrendamentos	404.310
Servicio de profesionais independentes	37.800
Publicidade exterior	-----
Publicidade en prensa e radio	93.856
Publicidade e propaganda	8.293.276
Subministracións	259.271
Outros servicios	2.911.487
<b>TOTAL</b>	<b>12.000.000</b>

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables sen que se detectasen incidencias dignas de mención.

**b) Gastos por envíos electorais.**

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de propaganda electoral, que se tratan de forma diferenciada no artigo 44.2 da LEPG, ascenderon, segundo a contabilidade da Coalición Electoral, a 59.003.128 ptas., cantidade que practicamente coincide coa subvención máxima establecida para este concepto.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

Concepto	Importe (ptas.)
Imprenta e manipulación papeletas	55.179.934
Franqueo	1.800.000
Gastos de formalización de débedas	328.000
Intereses débedas a longo prazo	1.695.194
<b>TOTAL</b>	<b>59.003.128</b>

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables sen atopar ningunha incidencia destacable, realizando este Consello de Contas as seguintes consideracións:

Os gastos liquidados pola operación de crédito foron incluídos na súa totalidade na contabilidade da Coalición Electoral, e comprenden os gastos de formalización por importe de 328.000 ptas. e a provisión de intereses á que se refire o artigo 130.g) da LOREX, por importe de 1.695.194 ptas.

Contabilizan todos estes importes na conta 662 intereses de débedas a longo prazo, o que este Consello de Contas considera que non é correcto, xa que se debería contabilizar por separado os gastos de formalización de débedas e os gastos por intereses, respectivamente nas contas 626.- Servicios bancarios e similares e 663.- Intereses de débedas a corto prazo.

Para rexistra-los intereses devengados e non vencidos empregan a conta 581.- Intereses a pagar non vencidos, que presenta un saldo acreedor de ptas. 1.007.553.-H. Debeuse empregar a conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os intereses devengados e non vencidos.

O total da gastos regulares xustificadas ascende á cantidade de 59.003.128 ptas.

**2.3.4.- Límite máximo de gastos.**

O límite máximo de gastos analizouse nos apartados 1.6 e 1.7 deste informe, ascendendo a 194.926.380 ptas., xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de Ptas.- 59.003.487 (2.565.369 electores por 23 ptas. por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

	Gastos Contabilizados	Límite de gastos
Gastos ordinarios	133.473.893	194.926.380
Gastos envíos electorais	(1)59.003.128	(2)59.003.487
<b>Total</b>	<b>192.477.021</b>	<b>253.929.867</b>

(1) Os gastos contabilizados e xustificados como gastos por envíos electorais son inferiores á subvención máxima na cantidade de 359 ptas.

(2) Non suxeita a límite de gastos.

Como se observa, os gastos contabilizados non superan ó límite legalmente previsto.

De acordo co disposto no artigo 55.3 da LOREX o gasto en publicidade exterior non pode exceder do 25% do límite de gastos arriba expresado, ascendendo a cantidade de 48.731.595 ptas. (194.926.380 x 25%).

Acreditáronse gastos de publicidade exterior por un importe de 32.741.704 ptas., polo que non se superou o límite correspondente a este concepto.

En canto ó límite de gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas, establecido polo artigo 58 da LOREX, ascende a 38.985.276 ptas. (194.926.380 x 20%).

O importe dos gastos electorais declarados por este concepto foi de 26.556.859 ptas. que non supera o límite legal antes aludido.

### 2.3.5.- Información das entidades financeiras

Conforme ó establecido no artigo 133.3 da LOREX, a entidade financeira otorgante do crédito remitiu ó Consello de Contas a información relativa á operación descrita no apartado relativo ós recursos financeiros.

### 2.3.6.- Relación cos provedores e acredores.

Tal como se expón no apartado 1.8 deste informe circularizamos a tódalas empresas que facturaron por importe superior a cen mil pesetas, verificando que cumpriron co requisito sinalado polo artigo 133.5 da LOREX de comunicar ó Consello de Contas as facturacións superiores ó millón de pesetas.

a) Empresas que comunicaron directamente ó Consello de Contas a facturación realizada (artigo 133.5 LOREX):

Provedores	Importe (ptas.)
Grupo BAP y Conde SA	67.868.473
Industrias Caamaño SL	1.090.400
Exterior Galicia SA	6.200.000

Gráficas Sementeira SA	56.991.934
Serifor SL	1.287.600
Escenarios Juancho	5.800.000
Gráficas Anduriña	1.695.448
Eco Vigo SL Publicidad	1.691.396
<b>TOTAL</b>	<b>142.625.251</b>

b) Circularización realizada polo Consello de Contas:

Provedor	Importe	Resposta
Grupo BAP y Conde SA	67.868.473	SI
Pita Caramés y otro SC	609.928	SI
Gráficas Sementeira SA	58.420.747	SI
Impacto Marketing Promocional	703.830	SI
Serifor SL	1.287.600	SI
Palacio de Congr. e Exp. de Galicia	492.420	SI
Jesús Barreiro López	17.400	NON
Industrias Caamaño SL	1.090.400	SI*
Manuel Díaz Fraga	6.206.000	SI
Telefónica	961.698	NON
Cafetería San Caetano	42.495	SI
Hostal Hogar San Francisco	110.424	SI
Acsa Galicia	58.725	SI
Halcourier	92.104	SI
Empresa Fraga de Espectáculos SA	827.000	SI
Micromedia SL	115.651	SI
Viajes Airbús SA	150.000	SI
Mapfre Industrial	376.200	SI
Exterior Galicia SA	6.200.000	SI*
Restaurante Pampín	300.000	SI
Ideal Auto SA	208.650	SI
Soserga SA	500.000	NON
Serv. Munic. Deportes-C. A Coruña	500.000	SI
Dismódulo SL	276.973	NON
Sonpress	150.000	NON
Rolux	199.520	NON
Artes Gráficas Alpi SL	486.649	SI
Empresa Muiños	162.930	SI
Eugenio Lema	181.064	SI
Autos Nilo SA	157.750	SI
Autos Brea SL	315.520	SI
Blades Comunicación (Otom SL)	487.031	SI
Pedro Pérez Pérez	150.000	NON
Caseta de Fidel	160.965	SI
Mesón de Alberto	141.646	SI
Hotel Restaurnte Mogay	183.212	SI
Librería La Voz de la Verdad	663.970	SI
Jesús del Caño Gonzalez	174.000	SI
La Región	217.709	SI
Imprenta Sanmartín	223.300	NON
Gráficas Cars	219.240	NON
Restaurante S. Miguel SA	317.956	NON
Confiterías Couto SA	333.000	SI
Hotel Francisco II Cimasol SL	143.289	NON
Paipel OR SL	153.016	SI
Autocares Cándido	135.700	SI
Empresa Pereira SL	125.190	SI
Gráficas Anduriña	1.711.804	SI
Roxelio G. Pérez Agulia	283.000	NON
Publicidad y Rótulos	348.000	NON

Eco Vigo SL Publicidad	1.691.396	SI	
Hotel Galicia Palace	650.966		NON
Pintega Rotulistas SL	523.740		NON
Sonorizaciones Collazo	976.720	SI	
Venancio Saavedra Giraldez	150.000	SI	
Casa Román	174.999	SI	
Copistería Aris	278.400	SI	
<b>TOTAL</b>	<b>159.688.400</b>		

\* Contestaron directamente.

A citada circularización representa o 83% dos gastos contabilizados.

Identificáronse 8 provedores por prestación de servicios ou adquisición de bens con facturación superior a 1.000.000 ptas., informando todos eles ó Consello de Contas a súa facturación.

Non se atoparon incidencias dignas de mención.

### 2.3.7.- Tesourería da campaña.

Tódolos ingresos e pagos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX, ben directamente ou ó través da caixa da Coalición, con fondos procedentes das devanditas contas correntes.

Na data de peche da contabilidade electoral, rendida ó Consello de Contas, só figuran como obrigas pendentes de pago os intereses devengados e non vencidos dos préstamos concertados pola formación política. Como xa se dixo no apartado 2.3.3 a) sería mellor utiliza-la conta 526 en lugar da conta 581.

Empregouse a conta 570000 – Caixa, para facer pagos por importe de 1.034.635 ptas. na sede central da Coalición, e por 14.122.184 ptas. nas sedes provinciais, os fondos proveñen da conta da campaña electoral.

Tódolos pagos se realizaron dentro do prazo establecido no artigo 125.3 da LOREX.

### 2.3.8.- Límite máximo da subvención.

De acordo co exposto no apartado 1.4 deste informe relativo ós importes das subvencións electorais e coa Resolución da Xunta Electoral de Galicia de data 5 de novembro de 1997, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó

Parlamento de Galicia celebradas o 19 de outubro de 1997 o importe das subvencións a que tería dereito a Coalición electoral serían, na opinión do Consello de Contas, as seguintes:

#### a).- Subvención suxeita ó límite.

15 escanos a 2.304.000 de ptas..... 34.560.000  
 310.508 votos a 86 ptas..... 26.703.688  
**Total subvención suxeita ó límite..... 61.263.688**

#### b).- Subvención non suxeita ó límite (Envíos electorais-Mailing).

2.565.369 electores a 23 ptas..... 59.003.487  
**Total subvención non suxeita ó límite. 59.003.487**

O límite máximo da subvención ven determinado pola suma de :

a) Subvención suxeita ó límite..... 61.263.688  
 b) Subvención non suxeita ó límite..... 59.003.487  
**Límite máximo da subvención..... 120.267.175**

Este límite máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto, de conformidade co que determina o artigo 127 da Lei 5/1985, xa que en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá sobrepasa-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora. Como xa se sinalou no apartado 2.3.3 b) os gastos contabilizados e xustificados ascenderon á cantidade de 59.003.128 ptas. por envío de electores.

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontaranse os anticipos recibidos a conta.

Subvención total	Anticipos da subvención		Total anticipos	Subvención pendente
	1º Anticipo	2º Anticipo		
120.266.816	32.962.712	-----	32.962.712	87.304.104

A proposta do Consello de Contas de subvención para a Coalición Electoral é de 120.266.816 ptas., cantidade á que hai que descontarlle os anticipos recibidos a conta de 32.962.712 ptas., resultando un líquido a percibir de 87.304.104 ptas.

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, na opinión de este Consello de Contas, en ningún caso, a 87.304.104 ptas.

### 2.3.9.- Proposta.

Vistos os resultados da fiscalización da contabilidade electoral da Coalición para as eleccións mencionadas, este Consello de Contas resolve non formular ningunha das propostas de non adxudicación ou de redución da subvención electoral previstas no artigo 47.3 da LEPG.

### 2.3.10.- Conclusións.

Das actuacións realizadas, reflectindo os resultados no presente informe, dedúcense as seguintes conclusións:

1ª).- Os intereses devengados e non vencidos deben contabilizarse con abono á conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, en vez da conta 581-Intereses a pagar non vencidos.

A conta 526 precisamente recolle no Haber o importe dos intereses devengados durante o exercicio, incluídos os non vencidos, con cargo ás contas 662 e 663.

2ª).- Deben separarse axeitadamente, dentro dos gastos ordinarios, os gastos en concepto de publicidade exterior e os relativos a publicidade en prensa e radio, co fin de poder determina-lo límite máximo de gastos e o límite de cada tipo de subvención.

3ª).- Sería desexable que se evitase a realización de pagos pola caixa da formación política, co fin de axustarse o máis posible ó mandato do artigo 125 da LOREX e conseguir así un maior control dos pagos realizados.

### 2.3.11.- Opinión.

1ª).- Auditamo-las contas electorais da Coalición PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes, correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 19-10-1997, que comprenden o Balance de situación ó 31-12-97 e a conta de Perdas e Ganancias, correspondentes ós gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2ª).- A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre contas anuais no seu conxunto, senón fiscaliza-los ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificadas ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde á Coalición electoral de acordo cos seus resultados electorais.

3ª).- O traballo realizámolo de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4ª).- Na nosa opinión as contas electorais presentadas pola formación política expresan, nas áreas de gastos e ingresos, tódolos aspectos significativos contendo a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

5ª).- A proposta de subvención para a Coalición Electoral ascende a 120.266.816 ptas., cantidade á que hai que descontarlle os anticipos recibidos a conta de 32.962.712 ptas., resultando un líquido a percibir de 87.304.104 ptas.

### 2.3.12.- Alegacións.

Ó abeiro do disposto no artigo 58.a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (DOG nº 138, venres, 17 de xuño de 1992) púxose en cofecemento da Coalición Electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes o resultado das actuacións deste Consello de Contas.

#### A) Alegacións formuladas pola Coalición Electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes.

Adxúntanse as citadas alegacións como anexo ó final do apartado 2.3.12.

B) Contestación ás alegacións formuladas pola Coalición Electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes.

**1ª.- Ó apartado 2.3.3.- Gastos electorais.**

a) Factura por importe de 884.635 ptas. correspondente a Telefónica.

O artigo 130 da LOREX establece que se considerarán gastos electorais os que realicen os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións participantes nas eleccións desde o día da convocatoria (DOG nº 163 do 26 de agosto de 1997) ata o de proclamación de electos (DOG nº 218 do 11 de novembro de 1997), polo que a data de facturación ten que estar comprendida entre as citadas datas do 27 de agosto de 1997 ata o 12 de novembro de 1997, e a factura ten data de emisión 13 de febreiro de 1998 con nº 36008C00005, polo que non se acepta a alegación.

Comprendemos perfectamente a súa alegación na que nos manifestan o erro sufrido por Telefónica, ó que é completamente alleo o Consello de Contas de Galicia, polo que non podemos acepta-la súa alegación. A non aceptación non afecta á subvención proposta polo Consello de Contas

b) Factura por importe de 5.800.000 ptas. correspondente a Juan Pousa Blanco (Escenarios Juáncho).

A citada factura nº 136 ten data de emisión do 24 de novembro de 1997, polo que non está comprendida dentro do periodo establecido no artigo 130 da LOREX, comentado na alegación anterior, polo que non se acepta a súa alegación. A non aceptación non afecta á subvención proposta polo Consello de Contas

**2ª.- Ó apartado 2.3.10.- Conclusións.**

Non se acepta a alegación, xa que a contabilidade da Coalición Electoral presenta na conta xeral de gastos as transferencias ás delegacións de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, tendo os seguintes gastos:

Lugo:

Publicidade Exterior .....43.384 ptas.

Publicidade Prensa e Radio .....484.944 ptas.

Ourense:

Publicidade Prensa e Radio..... 458.734 ptas.

Pontevedra:

Publicidade Prensa e Radio..... 93.856 ptas.

En virtude do exposto non se acepta a alegación, rogándolles que tomen boa nota de que teñen que incorporar-los gastos das sedes provinciais ós gastos da sede central por natureza e non por provincias, polo que a conclusión 2ª do apartado 2.3.10 do informe é correcta por ter contabilizado a Coalición Electoral incorrectamente os gastos das sedes provinciais. A non aceptación non afecta á subvención proposta polo Consello de Contas

ANEXO

ALEGACIONES PRESENTADAS  
POLO  
PS de G - PSOE / EU - EG / OS VERDES



Consello de Contas de Galicia	
REGISTRO XERAL	
ENTRADA	DATA
N.º 455	12-5-98

Sr. D. CARLOS G. OTERO DIAZ  
Conselleiro Maior  
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA  
Rúa Ramón Piñeiro, 29  
15771 SANTIAGO

Moi Sr. Noso:

De acordo co establecido na lexislación vixente, adxunto remítese as alegacións presentadas pola Coalición Electoral Partido Socialista de Galicia-PSOE, Esquerda Unida - Esquerda Galega e Os Verdes de Galicia, nese Rexistro do Consello de Contas de Galicia.

As alegacións constan das seguintes páxinas:

- Dúas páxinas de alegacións
- Seis páxinas de documentación

Sen outro particular, aproveito a ocasión para reiterarlle a miña consideración máis distinguida.

Santiago, 12 de Maio de 1998



PSG - PSOE

COMITE ELECTORAL  
ELECCIONS AUTONOMICAS '97  
C.I.F. G-15.6

Asido: JOSE MOAS PAZOS  
Administrador Xeral da Coalición Electoral do  
PSdeG-PSOE, EU-EG e Os VERDES de Galicia

## ALEGACIONES

### Apartado 2.3.3.- Gastos Electorais

#### Factura por importe de 884.635 pts. correspondente a telefónica

Alegación: Con data 25/09/97 cursouse orde á C.T.N.E. para que a facturación do número de teléfono 552030 e o Fax número 588708 desde o 1 de Setembro ata o 20 de Outubro foise facturada como gasto electoral con cargo a conta do Banco Popular de Santiago nº 0075-0396-73-0600417475, tamén enviámoslle fotocopia da identificación fiscal da coalición electoral.

Con data 03/12/97 fóisenos facturados os importes pola utilización de ditos teléfono e Fax co N.I.F. do Partido Socialista de Galicia - PSOE, omitindo a nosa orde de que os servizos que telefónica prestaranos durante a campaña electoral fosen facturados de acordo coas nosas instrucións, polo que nos vimos na obriga de poñernos en comunicación co centro de cobros da C.T.N.E. en Galicia, e despois de diversas e múltiples xestións conseguimos facer efectiva dita facturación o 13/02/98 ó contado en Vigo, expedíndonos factura do período do servizo correspondente do 10 de Setembro ó 20 de Outubro. Axuntamos documentación da alegación que expoñemos.

#### Factura por importe de 5.800.000 correspondente a Juan Pousa Blanco (Escenarios Juancho)

Alegación: A factura 136 de Escenarios Juancho foinos presentada con diversas anomalías como o N.I.F. que correspondía ó PSdeG-PSOE polo que tivemos que devolverlla co fin de que a corrixisse co N.I.F. e o nome da coalición; como no seu día como a factura superaba o millón de pts. e de acordo co artigo 133.5 da LOREX comunicámoslle súa obriga de remitir información a ese Consello de Contas e de acordo con anteproxecto de alegacións comprobamos que dito provedor comunicou a ese Consello a facturación realizada. Axuntamos copia de dita factura.

**Apartado 2.3.10. - Conclusións**

No punto 2 de dito apartado, as consideracións que reseñan, entedemos que deben referirse globalmente ó conxunto dos partidos, toda vez que a coalición separou dentro dos gastos ordinarios, os gastos en concepto de publicidade exterior e os relativos a publicidade en prensa e radio, de igual forma na nosa contabilidade aportada a ese Consello de Contas, pódese determinar o límite de gastos e o límite de tipo de subvención.



Asdo: JOSÉ MOAS PAZOS  
Administrador Xeral da Coalición Electoral



000001



F 000893

## FACTURA

FECHA EMISION	EMISOR (UNIDAD - DEPARTAMENTO/PROVINCIA)	FACTURA N°
13-2-98	COBRÓS VIGO	36008C00005
REFERENCIA OPERACION: 981552030/981548708		

TITULAR	N.I.F.
Partido dos Socialistas de Galicia-PSUE,Esquerda Unida Esquerda Galega e os Verdes	615513755
DOMICILIO Pino 3.5.7.9 Santiago	

CONCEPTO	IMPORTE
Cuotas de abono	44.694
Servicio medido	777.922,50
Periodo servicio 10 de set./20 de octubre	
BASE IMPONIBLE	762.016,5
CUOTA IVAIGIC (4,6%)	122.018,64
IMPORTE TOTAL	884.635

FORMA DE PAGO	
<input checked="" type="checkbox"/> CONTADO	<input type="checkbox"/> METALICO
<input type="checkbox"/> APLAZADO: 1er. VENCIMIENTO	<input type="checkbox"/> CHEQUE (Salvo buen fin)
<input type="checkbox"/> N° DE PLAZOS	(Banco/n° cheque)(*)
<input type="checkbox"/> DESEMBOLSO INICIAL	<input type="checkbox"/> TARJETA
<input type="checkbox"/> A CUENTA	(Tipo/n° tarjeta)(*)
	<input type="checkbox"/> TRANSFERENCIA
	<input type="checkbox"/> DOMICILIACION BANCARIA
	(Entidad/sucursal/n° cuenta)(*)
	<input type="checkbox"/> INGRESO VENTANILLA BANCARIA
	<input type="checkbox"/> OTRA:





**Telefónica**

**FACTURA** Hoja 1/1

Fecha de emisión: 13 Dic. 97  
 Factur#: 28-716098124  
 CIF/NIF: G20477727

014409

**Datos de su contrato**  
 Partido Socialista Obrero Español  
 Pino, 1-9 Bajo, Santiago de Compostela  
 Nº de Teléfono 552030

**Datos de su domiciliación bancaria**  
 B. POPULAR ESPAÑOL  
 SENRA, 15 Santiago de Compostela  
 Nº de cuenta/libreta 730600417475  
 Para ser pagado a partir de 13 Dic. 97

**ENTRADA GENERAL**  
 Núm. 2002  
 Fecha 15-12-97

1530002981552030L-1501-12-015-014489  
 Partido Socialista Obrero Español  
 Pino, 1-9 Bajo  
 15704 Santiago de Compostela

**Servicios contratados**

	Pesetas	Meses	Importe ptas.	Sumas
Cuotas de abono 13 Dic.97 a 12 Feb.98 Línea Acceso Básico RDSI Múltiple Numeración RDSI	19.017,00 838,00	x 2 meses x 2 meses	38.034,00 1.676,00	39.710,00

	Importe ptas.	Sumas
<b>Varios</b> Llamadas de días 7/8 septiemb. no incorporadas en factura anterior, s/detalle que incluye metropolitanas (M)	14.711,70	14.711,70

	Núm. llamadas	Minutos	Pasos*	Importe ptas.	Sumas
<b>Llamadas automáticas 17 Sep. a 17 Nov. 97</b>					
Metropolitanas	2.131	3.483:40	4.740	27.018,00	
Provinciales	1.750	3.513:09	13.929	79.395,30	
Interprovinciales	2.768	7.042:22	52.846	301.222,20	
Internacionales	22	63:49	1.791	10.208,70	
Móviles	1.489	2.155:01		176.294,60	
Resto	91	81:23	1.196	6.817,20	600.956,00

\* Precio del Paso: 5,70 ptas. Ver detalle a continuación

Suma total (base imponible) 655.377,70  
 IVA 16% 104.860,43

Importe medio de consumo diario: 9.892 ptas.

**Total a pagar 760.238 ptas.**

El pago de esta factura se acredita por su abono bancario o el recibo de caja

*¡ De utilidad para su empresa !*



Para cualquier información que usted precise contacte con su Comercial

**PRUEBE EL 900 LLAMADA GRATUITA**  
 Ahora tiene la oportunidad de probar los beneficios de este servicio sin cuota de alta y sin abonos mensuales hasta el 31 de marzo.  
 Sólo para contrataciones anteriores al 31 de diciembre.



# FACTURA

Fecha de emisión: 13 Dic. 97  
Factura: 28-L716-098331  
CIF/NIF: G28477727

Hoja 1/28  
014477

Datos de su contrato:  
Partido Dos Socialistas de Galicia-PSOE  
Pino, 3-5-7-9, Santiago de Compostela  
Nº de Teléfono 588708

Datos de su domiciliación bancaria:  
Banco POPULAR ESPAÑOL  
C/ENRA, 15 Santiago de Compostela  
Nº de cuenta/libreta 730600417475  
Para ser pagado a partir de 13 Dic. 97

**ENTRADA GENERAL**

Núm. 2003

Fecha 15-12-97

15300020000000000000-1501-12-015-014477

Partido Dos Socialistas de Galicia-PSOE  
Pino, 3-5-7-9

15704 Santiago de Compostela

## Servicios contratados

	Pesetas	Meses	Importe ptas.	Sumas
Cuotas de abono 13 Dic.97 a 12 Feb.98				
Línea Individual	1.242,00	x 2 meses	2.484,00	
Servicio Telefax	1.000,00	x 2 meses	2.000,00	
Equipo Principal Heraldo	250,00	x 2 meses	500,00	
				4.984,00

	Importe ptas.	Sumas
llamadas de días 7/8 septiemb. no incorporadas en factura anterior, s/detalle que incluye metropolitanas (M)	2.331,30	
		2.331,30

	Núm. llamadas	Minutos	Pasos*	Importe ptas.	Sumas
llamadas automáticas 17 Sep. a 17 Nov. 97					
metropolitanas	1.885	2.140:24	3.832	21.842,40	
provinciales	456	611:40	2.739	15.612,30	
interprovinciales	647	1.126:16	9.496	54.127,20	
internacionales	28	52:29	1.406	8.014,20	
móviles	3	1:59		179,20	
resto	9	29:54	26	148,20	
					99.923,50

Costo del Paso: 5,70 ptas.

Ver detalle a continuación

Suma total (base imponible) 107.258,80  
IVA 16% 17.158,20

Costo medio de consumo diario: 1.611 ptas.

**Total a pagar 124.397 ptas.**

Por esta factura se acredita por su abono bancario o el recibo de caja

*¡ De utilidad para su empresa !*

**PRUEBE EL 900 LLAMADA GRATUITA**

Ahora tiene la oportunidad de probar los beneficios de este servicio sin cuota de alta y sin abonos mensuales hasta el 31 de marzo.

Sólo para contrataciones anteriores al 31 de diciembre.

  
Para cualquier información  
sobre este servicio  
comercial



Santiago, 25-09-1.997

COMPANÍA TELEFONICA NACIONAL DE ESPAÑA  
SANTIAGO

A/A de FERNANDO GARCIA  
=====

Muy Señores nuestros:

A la mayor brevedad posible nos instalasen dos nuevos telefonos en la sede del Partido Socialista de Galicia-Psoe, sito en Rua do Pino, nº 1-9, Santiago, para utilizar durante esta campaña electoral y la facturación fuera solamente desde el dia de la instalación hasta el dia 20 de Octubre 97, a fin de consignar dicho gasto como electoral ante el Tribunal de Cuentas de Galicia.

Igualmente les rogamos que la facturación del numero de telefono 55 20 30 y el Fax núm. 58 87 08, desde el día UNO DE SETIEMBRE HASTA EL 20 DE OCTUBRE, nos sea facturado aparte como gasto electoral.


Los importe correspondientes a la instalación y facturación de los nuevos a instalar y la petición siguiente correspondiente a los que ya tenemos y cuyos num. reflejamos, los carguen en la cta. siguiente:

BANCO POPULAR - SANTIAGO cta. nº 0075-0396-73-0600417475

Les adjuntamos la Identificación Fiscal, a donde deben facturar los cargos, así como la copia del nombramiento por la Junta Electoral Central de mí nombramiento, como Administrador General de la Coalición PSdeG-PSOE, EU-EG, Os Verdes.

En esta cuenta solamente podran cargarse los telefonos, que les indico, no haciendonos cargos de telefono alguno, solicitado por otros miembros de la Coalición.

fdo. José Moas Pazos  
Administrador General





	<b>IDENTIFICACION FISCAL</b>
<b>Agencia Tributaria</b>	Código de Identificación <b>615613755</b>
Denominación	<b>PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, ES QUERDA</b>
Razón Social	<b>UNIDA-ESQUERDA GALEGA E OS VERDES</b>

A/A de FERNANDO GARCIA

=====

De acuerdo con n/conversación telefónica te envío la hoja que falta de la transmisión anterior, y de igual forma solicitamos el traslado interior del telefono num. 58 96 22

Atentamente

José Moas Pazos  
Administrador General



**ESCENARIOS**  
**"JUANCHO"**

000010

Agencia del grupo  
 (Servicios al Espectáculo) S.L.

DOSO - NARÓN / 15577 LA CORUÑA  
 Telef. y Fax: 981 - 34 72 12 / Móvil 908 98 13 14

Fctra. nº 136      Fecha 24/11/97

Cliente PS de G-PSOE, Esquerda Unida,  
 Esquerda Galega e Os Verdes  
 G-15613755  
 Rúa do Pino, 1-9-Baixo  
 CP 15704 Santiago de Compostela  
 LA CORUÑA

Unidades	CONCEPTOS	Precio	IMPORTE
1	Montaje y alquiler de infraestructuras de la Campaña Electoral Gallega -1997 del 3 al 17 de Octubre de 1.997.	5.000.000	5.000.000

Juán Peuso Blanco N 2.626.216 A

TOTAL IMPORTE 5.000.000	% I.V.A. 16	IMPORTE I.V.A. 800.000	TOTAL FACTURA 5.800.000
----------------------------	----------------	---------------------------	----------------------------

FORMA DE PAGO:

### 3.- RECOMENDACIÓNS.

Para subsana-las deficiencias apreciadas neste informe, e facilita-las competencias fiscalizadoras do Consello de Contas para futuros informes das eleccións ó Parlamento de Galicia, fórmulanse as seguintes recomendacións:

1ª).- Co fin de poder determinar axeitadamente as propostas de subvención por votos e escanos e por envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas, propaganda e publicidade electoral as contabilidades dos partidos políticos deben contabilizar separadamente en contas os gastos ordinarios de campaña e Mailing.

2ª).- Deben separarse axeitadamente, dentro dos gastos ordinarios, os gastos en concepto de publicidade exterior e os relativos a publicidade en prensa e radio, co fin de poder determina-lo cumprimento do límite máximo de gastos e do límite de cada tipo de subvención.

3ª).- Na rendición de contas deben adaptarse ós principios, normas e modelos das Contas anuais do Plano Xeral de Contabilidade, detallando na Memoria os gastos ordinarios de campaña e os de envíos electorais (Mailing) e coa debida separación en contas contables.

4ª).- É aconsellable non utilizar contas de caixa para ingresos (cobros) e gastos (pagos) dos procesos electorais (artigo 125 da Lei 5/1985, do Réxime Electoral Xeral).

5ª).- Os xustificantes de gastos deben reunir tódolos requisitos esixidos pola lexislación fiscal e mercantil (factura, nº de factura, data, concepto, I.V.E., etc.).

6ª).- A contabilidade das sedes provinciais débese incorporar á contabilidade da sede central mediante contas de enlace do grupo 5, que recollerá a provisión de fondos e o importe xustificado. O seu saldo debedor indicará as cantidades pendentes de xustificación. Os gastos imputaranse ás correspondentes contas do grupo 6º.

7ª).- Os partidos políticos deben comunicar ós seus Proveedores e Acredores a obriga que teñen de comunicar ó Consello de Contas as operacións que superen o millón de ptas. (artigo 133.5 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral).

8ª).- Os partidos políticos teñen a obriga de comunicar ó Consello de Contas a procedencia dos seus fondos (artigo 126.3 da Lei de Réxime Electoral Xeral).

Santiago de Compostela, 20 de maio de 1998

ANEXO I

ANEXO RESUMO DE GASTOS E SUBVENCIÓNS

PARTIDO POLÍTICO	Importe en pesetas					
	GASTOS CONTABILIZADOS	GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS	LÍMITE DA SUBVENCIÓN	PROPOSTA DE SUBVENCIÓN	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN	LÍQUIDO A PERCIBIR
<b>Partido Popular</b>					(A)	
Votos e escanos						
Electores	191.297.072	189.914.357	168.384.586	168.384.586	145.645.779	22.738.807
<b>TOTAL PARTIDO POPULAR</b>	<b>191.297.072</b>	<b>189.914.357</b>	<b>168.384.586</b>	<b>168.384.586</b>	<b>145.645.779</b>	<b>22.738.807</b>
<b>Bloque Nacionalista Galego</b>						
Votos e escanos						
Electores	100.313.035	100.313.035	75.479.410	75.479.410	62.031.120	13.448.290
<b>TOTAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</b>	<b>100.313.035</b>	<b>100.313.035</b>	<b>75.479.410</b>	<b>75.479.410</b>	<b>62.031.120</b>	<b>13.448.290</b>
<b>Coalición Electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/Os Verdes</b>						
Votos e escanos						
Electores	133.473.893	126.760.032	61.263.688	61.263.688	32.962.712	28.300.976
<b>TOTAL COALICIÓN ELECTORAL</b>	<b>133.473.893</b>	<b>126.760.032</b>	<b>61.263.688</b>	<b>61.263.688</b>	<b>32.962.712</b>	<b>28.300.976</b>
<b>TOTAL</b>	<b>602.094.102</b>	<b>593.997.526</b>	<b>482.138.145</b>	<b>482.137.786</b>	<b>358.646.585</b>	<b>123.491.201</b>

(A) Aplicase o importe de anticipos na súa totalidade ó envío de electores

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	ESCANOS (Plas/Escano - 2.304.000)	Nº DE ESCANOS	VOTOS (Plas/Voto - 86)	Nº DE VOTOS	IMPORTE POR VOTOS	SUBVENCIÓN SUXEITA Ó LÍMITE [3]=[1][2]	SUBV. POR ELECTORES (SOBRES E PAPELETAS) Censo - 2.563.369 Plas/Elector - 23 [4]	LÍMITE MÁXIMO SUBVENCIÓN [5]=[3]+[4]	SUBVENCIÓN PROPOSTA [6]	ANTICIPOS DA SUBVENCIÓN		TOTAL SUBVENCIÓN ANTICIPADA [9]=[7]+[8]	SUBVENCIÓN PENDENTE RECIBIR [10]=[6]-[9]
										1º ANTICIPO [7]=30%Subv.1993	2º ANTICIPO [8]=90%[5]-[7]		
Partido Popular	42	96.768.000	832.751	71.616.586	168.384.586	59.003.487	227.388.073	227.388.073	56.745.392	147.903.874	204.649.266	22.738.807	
Bloque Nacionalista Galego	18	41.472.000	393.435	34.007.410	75.479.410	59.003.487	134.482.897	134.482.897	27.616.756	93.417.851	121.034.607	13.448.290	
Coal. PS de G-PSOE EU-EG/Os Verdes	15	34.560.000	310.508	26.703.688	61.263.688	59.003.487	120.267.175	120.266.816	(A)	[B]	32.962.712	87.304.104	
<b>TOTAL</b>	<b>75</b>	<b>172.800.000</b>	<b>1.538.694</b>	<b>132.327.684</b>	<b>305.127.684</b>	<b>177.010.461</b>	<b>482.138.145</b>	<b>482.137.786</b>	<b>117.374.860</b>	<b>241.321.725</b>	<b>358.646.585</b>	<b>123.491.201</b>	

(A) Esta diferencia débese a que os gastos contabilizados e xustificandos como gastos por envíos electorais son inferiores á subvención máxima na cantidade de 359 pas. Véxase o apartado 2.3.3 b) e o apartado 2.3.4 do informe.  
 (B) Na data de peche deste informe o Consello de Contas non tivo comunicación sobre o pago pola Xunta de Galicia do 2º anticipo á Coalición Electoral.




**ANEXO II**

**ACORDO DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA  
RELATIVO Á CIFRA OFICIAL DE POBOACIÓN**



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



1.002.000.000.000

A Xunta Electoral de Galicia, en reunión celebrada o día 15 de abril de 1998, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Punto cuarto.- Consulta do Consello de Contas de Galicia sobre a cifra oficial da poboación galega por provincias para a fixación do límite máximo de gastos electorais (doc. núm. 254/98).

Examinada a consulta formulada respecto á cifra de poboación oficial que hai que ter en conta para calculalo límite máximo de gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia, celebradas o día 19 de outubro.

Previo debate sobre o contido das resolucións oficiais insertas no BOE núm. 311, do 29 de decembro de 1995 e BOE 262, do 1 de novembro de 1997, a Xunta Electoral de Galicia por unanimidade entende que hai que aplica-las cifras resultantes da renovación do padrón municipal de habitantes aprobadas por resolución da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística do 27 de decembro de 1995, que fixa a poboación de dereito de Galicia en 2.825.020 persoas co seguinte desglose provincial:

Provincias	Poboación de dereito a 1 de xaneiro de 1995
A Coruña	1.136.283
Lugo	386.405
Ourense	364.521
Pontevedra	937.811


Varias razóns fundamentan esta opinión:

Primeira.- O límite de gastos electorais ven dado pola concorrencia de dous factores:

- o número de habitantes correspondente á poboación de dereito da circunscrición (artigo 44.3 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto).



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



F. 10/1998

- a actualización en pesetas constantes da cantidade asignada por habitantes dentro dos cinco días seguintes á convocatoria das eleccións.

Xa que logo, antes de programa-la campaña electoral, as forzas políticas deben ter certidume xurídica sobre este límite e da cuantificación dos seus factores.

Segunda.- A poboación de dereito, que debía computarse como oficial, fíxouna o Instituto Nacional de Estatística na súa comunicación núm. 80/97, do 5 de agosto, dirixida á Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia. A súa determinación resultaba necesaria para aproba-lo decreto 225/97, do 25 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, porque no seu artigo terceiro debíase distribuí-los 75 deputados entre as diferentes circunscricións electorais. A aplicación desta cifra oficial determinou a perda dun deputado pola provincia de Ourense e o seu incremento na provincia de Pontevedra.

Pola súa banda, a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia por orden do 29 de agosto de 1997 actualizou as cantidades previstas no artigo 44 da Lei 8/1985, determinando no seu punto cuarto a cifra de 69 pesetas por habitante.


Xa que logo o día primeiro de setembro, data en que entrou en vigor a referida orden, determinouse o límite máximo de gastos electorais por concorre-los dous factores compoñentes da mesma.

Terceira.- Non e posible aplicar ó proceso electoral celebrado o día 19 de outubro o R.D. 1654/97, do 31 de outubro, que entrou en vigor o 2 de novembro de 1997 e que carece de efectos retroactivos.

É máis, dadas as consecuencias sancionadoras que produce os actos de incumprimento do límite máximo de gastos electorais prevista no artigo 47.3 da lei 5/1985, o tipo de infracción administrativa ten que vir definido pola lei ó inicio do proceso electoral.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA




Elm2Mrgbcen.pdf

Neste sentido a doutrina do Tribunal Constitucional é crara: "... el principio de legalidad comprende una doble garantía: la primera de orden material y alcance absoluto, tanto referido al ámbito estrictamente penal como al de las sanciones administrativas, refleja la especial trascendencia del principio de seguridad jurídica en dichos campos limitativos y supone la imperiosa necesidad de predeterminación normativa de las conductas infractoras y de las sanciones correspondientes, es decir, la existencia de preceptos jurídicos (lex previa) que permitan predecir con suficiente grado de certeza (lex certa) aquellas conductas, y se sepa a que atenerse en cuanto a la ajena responsabilidad y a la eventual sanción (fj STC 26/94, de 27 de enero).

O que traslado para o seu coñecemento e efectos.

A Coruña, 15 de abril de 1998

O presidente



José Ramón Vázquez Sandes

Consello de Contas de Galicia	
REGISTRADO XERAL	
ENTRADA	DATA
N.º 781	17-4-98

EXCMO. SR. CONSELLEIRO MAIOR DO CONSELLO DE  
CONTAS DE GALICIA

# INFORME DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

## RELATIVO Á FISCALIZACIÓN DOS

### INGRESOS E GASTOS ELECTORAIS



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Conseil. de Contas	
FISCALIZACIÓN XERAL	
ENTRADA	DATA
N.º 824	20-4-98


XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
S A I D A
16-IV-98
N.º 370/98

Da orde da Presidencia, en execución do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Galicia o día 15 de abril de 1998 e para dar cumprimento ó disposto no artigo 132.5 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral doulle traslado do informe de fiscalización sobre os ingresos e gastos electorais das forzas políticas concurrentes ás pasadas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 19 de outubro de 1997.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 1998

O secretario da Xunta Electoral de Galicia

José Ramón Cólera Izquierdo



ILMO. SR. SECRETARIO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**INFORME DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA  
RELATIVO Á FISCALIZACIÓN DOS  
INGRESOS E GASTOS ELECTORAIS**



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Consello de Contas	
REGISTRO XERAL	
ENTRADA	DATA
N.º 824	20-4-98


XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
S A I D A
16-IV-98
N.º 370/98

Da orde da Presidencia, en execución do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Galicia o día 15 de abril de 1998 e para dar cumprimento ó disposto no artigo 132.5 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral doulle traslado do informe de fiscalización sobre os ingresos e gastos electorais das forzas políticas concurrentes ás pasadas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 19 de outubro de 1997.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 1998

O secretario da Xunta Electoral de Galicia


José Ramón Coterá Izquierdo



ILMO. SR. SECRETARIO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



autonómica, concluíndo a súa función co envío ó Consello de Contas dun informe no que se recolla o resultado da actividade fiscalizadora.

Polo tanto, a fiscalización encomendada á Xunta Electoral de Galicia pódese definir como unha actividade de control de legalidade previo e compartido co Consello de Contas.

## II. ALCANCE E CONTIDO DA FUNCIÓN FISCALIZADORA.

Dacordo co establecido no artigo 132 e 133 da Lei Orgánica 5/1985, á Xunta Electoral de Galicia lle corresponde:

- A. Velar polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei durante o prazo comprendido entre a data da convocatoria e o centésimo día posterior á celebración das eleccións, e que se refiren ás seguintes actividades:
1. Nомbramento de administradores e administrador xeral por cada unha das candidaturas que concurran ó proceso electoral, e comunicación á Xunta Electoral (Art. 121-123 e 124 Lei 5/1985).
  2. Tomar coñecemento das contas bancarias abertas polos administradores para a recaudación de fondos.
  3. Verificar que tódolos ingresos e pagos se canalizan a través das contas electorais, e que tódolos ingresos se destinan ós fin establecidos (Art. 125-1 e 2 da Lei 5/1985)
  4. Comprobar que non se realizaron pagos para gastos electorais con cargo ós saldos das contas pasados



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
S A I D A
16-11-98
N.º 370/98

noventa días dende a data da celebración das eleccións (Art. 125-3 ley 5/85).

5. Cerciorarse de que os que aporten fondos ás contas electorais deixen constancia da súa identificación nos termos previstos no Art. 126 da Lei 5/1985.
  6. Comprobar que non se aportaron ás contas fondos prohibidos polo Art. 128 Ley 5/1985, e que non se superou o límite de aportación dun millón de ptas. por persoa física ou xurídica fixado no Art. 129 da mesma norma.
  7. Verificar que se cumpriu o límite cuantitativo dos gastos electorais fixado no Art. 131 da Lei 5/85, e os límites de publicidade electoral recollidos nos Art. 55-3 e 58-1 da citada norma.
- B. Recibi-la contabilidade que remitan ó Consello de Contas as forzas políticas que concorriron ás eleccións e obtiveran representación parlamentaria ou solicitaran adiantos con cargo ás subvencións.

Para o cumprimento da súa función a Xunta Electoral poderá recabar dos administradores calquera información contable, e das entidades bancarias calquera información financeira relacionada cas contas electorais.


Si da súa actividade investigadora a Xunta Electoral encontrase indicios de conductas constitutivas de delitos electorais o porá en coñecemento do Ministerio Fiscal, e sancionará por sí mesma as demais infraccións non tipificadas penalmente.

Do resultado da súa actividade fiscalizadora elevará informe o Consello de Contas.





XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



### III. FISCALIZACIÓN REALIZADA

#### A. PREVIA Á RECEPCIÓN DA CONTABILIDADE.

##### 1. *Administradores e contas de tódolos partidos que concorriron ás eleccións.*

Tódolos partidos e coalicións electorais que concorriron ás pasadas eleccións autonómicas celebradas o día 19 de outubro de 1997, comunicaron á Xunta Electoral de Galicia o nome do seu administrador xeral e as contas bancarias abertas a efectos electorais.

Tales datos foron remitidos ó Consello de Contas por escrito da Presidencia da Xunta Electoral do 2-3-98, número de rexistro de saída 364198.


##### 2. *Reclamación de datos ás entidades bancarias para verifica-lo cumprimento do disposto no artigo 126 da Lei 5/1985.*

Enviáronse escritos a tódalas entidades financeiras para que remitisen a información prevista no Art. 132-2 en relación co Art. 126 da Lei 5/1985, contestando a tal requerimento exclusivamente os seguintes bancos:

1. **Banco Atlántico**, comunicando que a conta do Frente Popular Gallego ó día 12-11-97 non tivera movemento algún.
2. **Caja de Madrid**, informando que a conta de Falange Gallega de la JONS, ó día 12-11-97 tivera un só movemento de 5.000 ptas.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



As demais entidades financeiras non contestaron ó requerimento.

### 3. *Comunicación a tódolos administradores electorais*

Dirixeuse escrito a tódolos administradores xerais recordándolles a necesidade de contabilizar tódolos ingresos e axustar tódolos gastos electorais ó disposto nos Artigos 121, 126 e 130 da Lei 5/1985.

### B. POSTERIOR Á RECEPCIÓN DA CONTABILIDADE

Presentaron contabilidade electoral ante a Xunta Electoral os seguintes partidos, que obtiveron representación parlamentaria e que tamén solicitaran anticipo de subvención:

- Partido Popular de Galicia.
- Bloque Nacionalista Gallego.
- Coalición Electoral P.S. de G-PSOE/EU-EG/ Os Verdes.


Por conseguinte só de estas tres forzas políticas se pode obter en principio información complementaria á reseñada anteriormente en este escrito, polo que é convinte que o Consello de Contas recabe das entidades financeiras a información necesaria dos demais partidos políticos que, concurrindo ás eleccións, non están obrigados a presentar contabilidade detallada dos seus ingresos e gastos.

### IV. FISCALIZACIÓN DAS CONTABILIDADES RENDIDAS

A fiscalización da contabilidade das forzas políticas que obtiveron representación parlamentaria circunscríbese ó análise do cumprimento dos extremos relacionadas no apartado II deste informe, sendo cometido do Consello de Contas o examen da regularidade da contabilidade electoral,



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



tando no referente ó cumprimento da legalidade como á representatividade da contabilidade rendida e á xustificación documental dos registros contables.

### 1. Documentación presentada.

#### 1.1. Partido Popular

Con fecha 2-3-98, e polo tanto 11 días despois do prazo máximo previsto no Art. 46-1 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, o administrador xeral do Partido Popular remiteu á Xunta Electoral os seguintes estados contables:

- a. Balance de situación.
- b. Cuenta de ingresos e gastos.
- c. Notas ás contas de ingresos e gastos.
- d. Cadro de orixe e aplicación de fondos.
- e. Cuenta de resultados.
- f. Libro Maior e Diario.
- g. Xustificantes contables.


#### 1.2. Bloque Nacionalista Galègo.

Con data 4-3-98, trece días despois do prazo máximo previsto no Art. 96-1 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, o administrador xeral do Bloque Nacionalista Galego remitiu á Xunta Electoral os seguintes estados contables:

- a. Balance de situación.
- b. Balance de sumas e saldos.
- c. Cuenta de Pérdidas e Ganancias.
- d. Memoria.
- e. Libro Diario.
- f. Libro Maior.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



g. Xustificantes contables.

1.3. Coalición Electoral.

Con data 2-3-98, e polo tanto once días despois do prazo máximo previsto no Art. 96-1 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, a Coalición Electoral presenta os seguintes estados contables de Galicia e de cada unha das Provincias:

- a. Conta de explotación.
- b. Diario de operacións.
- c. Maiores e os seus xustificantes.

Ademais presenta un Balance de situación a nivel de Galicia.

Non acompaña notas, explicacións ou memoria que axuden a interpreta-la información contable.

Tamén presenta de forma separada a conta de explotación, balance de situación, diario e maior das operacións por "MAILING".


**2. Verificación do cumprimento dos principios de unidade de caixa e de afectación dos ingresos ós fins electorais (Art. 125 Lei 5/1985).**

2.1. Partido Popular

Do exame dos estados contables pode deducirse, en termos xerais, que tódolos ingresos e pagos contabilizados se efectuaron a través da conta corrente aberta para a campaña electoral.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Segundo a contabilidade presentada este partido operou exclusivamente coa conta bancaria declarada.

### 2.2. Bloque Nacionalista Galego

Esta forza política, ademais de actuar ca conta comunicada á Xunta Electoral, operou con outras catro contas, traspasando entre o 13 e o 14 de xaneiro do 1998, os saldos á conta principal.

As contas nas que ten movementos son as seguintes:

- Caixa Galicia OP Santiago	nº	131791
- Caixa Galicia	nº	22337
- Caixa Galicia. Lugo	nº	58355
- Caixa Galicia Ourense	nº	38340
- Caixa Galicia	nº	5504

En liñas xerais tódolos ingresos rexistrados na contabilidade canalizaronse a través das contas antes reseñadas, existindo un descuadre entre os pagos deducidos dos estados contables e os anotados nas contas bancarias do Libro Maior.

### 2.3. Coalición Electoral


Esta forza política ademais de operar con contas bancarias declaradas actúa con outras non declaradas e con caixas propias.

A coalición operou cas seguintes contas bancarias:

- Caixa propia.		
- B. Popular	c/c	4174-75
- B. Popular	c/c	416979
- Caixa Galicia	c/c	13182-4



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



- B. Popular-Pontevedra      c/c    89123
- B. Popular-Ourense        c/c    0402744
- B. Popular-Lugo            c/c    2535
- B. Popular-La Coruña      c/c    579386

Ademais, operou ca súa caixa propia en cada Provincia.

Na información contable presentada existen discordancias entre os datos reflexados nos estados contables (conta de explotación e balance) e os que se deducen das contas de tesorería do libro Maior, polo que nesta fase de fiscalización non pode verificarse o cumprimento ou incumplimento do principio de unidade de caixa.

Tampouco se presentou unha información contable integrada, o que dificulta a súa análise e interpretación.

### **3. Verificación de que non se realizaron pagos con cargo ós saldos das contas pasados noventa días da data da celebración das eleccións.**

#### 3.1. Partido Popular


Do exame do maior, por carecer de extratos bancarios, resulta que a última disposición de fondos da conta do Banco Pastor realizouse o día 30-12-1997, cumpríndose o disposto no Art. 125-3 da Lei 5/85.

#### 3.2. Bloque Nacionalista Galego

As últimas disposicións dos saldos das contas bancarias realizáronse antes do 19 de xaneiro de



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



1998, cumprindo tamén co disposto no Art. 125-3 da Lei 5/85.

### 3.3. Coalición Electoral

As últimas disposición dos saldos das contas bancarias realizáronse antes do 19 de xaneiro de 1998, cumprindo co disposto no Art. 125-3 da Lei 5/85.

## **4. Verificación da identidade das persoas que aportaron fondos ás contas electorais.**

### 4.1. Partido Popular

Do exame do maior, resulta que soamente se registraron os seguintes ingresos:

a. Xunta de Galicia, anticipo de subvención.	56.745.392,-
b. Pólizas de Crédito do Banco Pastor, ingresos líquidos	188.847.500,-
c. Axencia de Publicidade G.R.	70,-
d. Intereses.	5.379,-
e. MAIFAST	2,-
<b>TOTAL</b>	<b>245.598.343,-</b>


### 4.2. Bloque Nacionalista Galego

Segundo se desprende da contabilidade, esta forza política financiouse da seguinte forma:

- Xunta. Anticipo de subv.	27.616.756,-
- Xunta. Subvención pendente	



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



de cobro.	106.866.141,-
- Aportacións:	
- Do Bloque	25.110.565,-
- De particulares identificados	1.645.816,-
- De particulares non identificados	1.332.651,-
<b>TOTAL</b>	<b>162.571.929,-</b>

#### 4.3. Coalición Electoral

Segundo as contas de tesorería do Libro Maior, os ingresos de esta Coalición só foron os seguintes:

- Xunta. Anticipo de subvención	32.962.712,-
- Abono anticipo de campaña, sen identifica-lo pagador.	19.203.698,-
- Aportacións do partido	51.664.659,-
<b>TOTAL</b>	<b>103.831.069,-</b>

#### 5. Verificación de que non se superou o límite de 1.000.000 ptas. por persoa en concepto de aportación.

##### 5.1. Partido Popular

Do exame do maior, tamén por carecer de extracto bancario, pode afirmarse que non se realizou ningunha aportación de persoa física ou xurídica.


##### 5.2. Bloque Nacionalista Galego

Do exame dos rexistros contables, resulta que ningunha aportación identificada é superior a 1.000.000 ptas.





XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



### 5.3. Coalición Electoral

Nos rexistros contables nin figuran aportacións de particulares.

## **6. Verificación de que non realizaron aportacións persoas ou entidades ás que llo prohiba a Lei.**

### 6.1. Partido Popular

Pola mesma razón, do examen do maior, ó carecer de extracto bancario, pode afirmarse que non se realizou ningunha das aportacións prohibidas polo Art. 128 da Lei 5/85.

### 6.2. Bloque Nacionalista Galego


Do exame dos rexistros contables dedúcese que ningunha aportación identificada foi realizada por persoas ou entidades relacionadas no Art. 128 da Lei 5/85.

### 6.3. Coalición Electoral

Nos rexistros contables non figura ningunha aportación realizada por algunha entidade relacionada no Art. 128 da Lei 5/85.



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



### 7. Verificación do cumprimento dos límites dos gastos electorais.

Este límite calcúlase sobre a base da poboación de dereito de 1995, publicada no BOP do 29-12-95, que ascende a 2.825.020 persoas, xa que as últimas cifras de poboación referidas a 1996 publicáronse no BOE do 01-11-1997, despois de concluí-lo proceso electoral.

#### 7.1 Partido Popular

Respeta o límite máximo de gastos electorais, segundo pode deducirse das notas e dos estados contables, tal como se detalla a continuación:


- Límite total de gasto (poboación de dereito de Galicia X 69)	194.926.380,-
- Gastos totais realizados polo Partido Popular	250.300.559,-
- A dedudir, gastos de envío directo de sobres e papeletas electorais. Máximo, número de electores censados (2.565.369 X 23)	59.003.487,-
- Gasto real computable inferior ó límite total de gastos	191.297.072,-

Dito límite foi calculado a nivel de toda a Comunidade Autónoma.

#### 7.2 Bloque Nacionalista Galego



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



Non sobrepasa o límite máximo de gastos electorais, -  
segundo se deduce da contabilidade presentada.

- Límite total de gastos electorais. (2.825.020 X 69)	<u>194.926.380,-</u>
- Gastos totais realizados polo BLOQUE	159.316.522,-
- A deducir, gastos de envío directo de sobres e papeletas. Máximo 2.565.369 X 23)	59.003.487,-
- Gasto real computable inferior ó límite total de gastos.	<u>100.313.035,-</u>

Límite calculado a nivel de toda a Comunidade Autónoma.

### 7.3 Coalición Electoral

Ante a ausencia de memoria que indique si se consolidaron ou non tódolos estados contables, non é posible pronunciarse sobre o cumprimento ou incumprimento dos límites dos gastos electorais.

### **8. Verificación do cumprimento dos límites establecidos nos Artigos 55-3 e 58-1 da Lei 5/85 en materia de propaganda electoral.**


A contía dos citados límites é a seguinte:

A. Publicidade mediante carteis, valas, pancartas, etc.

25% do límite máximo de gastos electorais (Art. 55-3)	<u>48.731.595,-</u>
--	---------------------



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



## B. Publicidade en prensa, radio.

20% do límite máximo de gastos electorais (Art.58-1)

38.985.276,-

Segundo se deduce da documentación contable presentada, os gastos realizados polas forzas políticas que obtiveron representación parlamentaria en materia de publicidade foron as seguintes:

8.1. Partido Popular

- Publicidade en valas, carteis, etc. (publicidade exterior) 51.017.822,-
- Prensa, radio, etc. 32.838.740,-

8.2. BLOQUE

- Publicidade en Valas, carteis etc. (publicidade exterior) 36.888.000,-
- Prensa, radio, etc. 26.225.567,-


8.3. COALICIÓN ELECTORAL

- Publicidade e valas, etc. (publicidade exterior) 33.106.739,-
- Prensa, radio, etc. 26.494.960,-

O límite fixado no Art. 55-3 da Lei para publicidade en valas, carteis, etc. non é un precepto de aplicación directa ás eleccións das asembleas legislativas das Comunidades Autónomas, segundo prevé a Disposición Adicional Primeira



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA



da Lei 5/85. En cambio o límite do Art. 58 si é de aplicación directa as citadas eleccións.

Corresponde ó Concello de Contas de Galicia, ó amparo do disposto no Art. 47-3 da Lei Autonómica 8/1985, fiscalizar este tipo de gastos.

#### V. CONCLUSIÓNS

- A. Non se ten coñecemento algún dos ingresos e pagos electorais realizados polas forzas políticas que concurrindo ás eleccións do 19-10-97 non presentaron a contabilidade por non acadar representación parlamentaria, nin solicitaren anticipo de subvención.
- B. Ó non realizarse unha fiscalización completa da contabilidade presentada polo P.P., BLOQUE e Coalición Electoral, tarefa que incumbe ó Consello de Contas, as afirmacións contidas en este informe deben interpretarse no sentido de que se deduciron da propia documentación aportada polas citadas forzas políticas sen comprobar a súa xustificación detallada e sen contrastalas ca documentación complementaria que, no exercicio da súa función fiscalizadora, solicite o Consello de Contas para verificar se a contabilidade reflexa a "*imaxe fiel*" das operacións realizadas.

Santiago, 15 de Abril de 1998  
O Interventor Xeral do Parlamento de Galicia

Fdo. D. José Mª Ameijenda Cuns

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA  
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
  - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
    - 1.1.1 LEIS
    - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
    - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
    - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
  - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
    - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
    - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
  - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
    - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
    - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
    - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
  - 2.1 INVESTIDURA
  - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
  - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
  - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
    - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
    - 3.1.2 OBXECCIÓNS
    - 3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN
    - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
  - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
    - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
  - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
    - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
    - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
    - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
  - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
  - 3.5 MOCIÓNS
    - 3.5.1 MOCIÓNS
    - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
    - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
  - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
    - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
      - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
      - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
      - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
    - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
      - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
      - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
      - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
  - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
    - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
    - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
    - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
  - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
    - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
    - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
  - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
    - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
    - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
  - 4.2 INTERPELACIÓNS
  - 4.3 PREGUNTAS
    - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
    - 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN

- 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
- 4.4 RESPONSTAS A PREGUNTAS
- 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDIMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
  - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
  - 5.2 PROCEDIMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
  - 5.3 VALEDOR DO POBO
    - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS Ó VALEDOR DO POBO
    - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
  - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
    - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS Ó CONSELLO DE CONTAS
    - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
  - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
- 6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
  - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
  - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
  - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
  - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
  - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
  - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
  - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
  - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
  - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
  - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
  - 6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
- 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
  - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
    - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
    - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
    - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
    - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
    - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
    - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
    - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
  - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
    - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
    - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
  - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
    - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
    - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
    - 7.3.3 CONVOCATORIAS
    - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
      - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
      - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
      - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
      - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
      - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
      - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
    - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
- 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
  - 8.2 PERSOAL
  - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
    - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
    - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
    - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
    - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
    - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
- 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
  - 9.1 INFORMACIÓNS
  - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



**BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. (981) 56 16 00.

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727